



## Sumario

Página

### ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

**XUNTA DE GALICIA**

*Consellería de Economía e Industria*  
*Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas*

· Expediente IN627A 2009/1-0 .....	6
------------------------------------	---

2011/9173

**XUNTA DE GALICIA**

*Consellería de Economía e Industria*  
*Xefatura Territorial da Coruña*

· Número de expediente: IN407A 87/2011 .....	10
--	----

2011/9136

**XUNTA DE GALICIA**

*Consellería de Economía e Industria*  
*Xefatura Territorial da Coruña*

· Número de expediente: IN407A 9/2011 .....	11
---	----

2011/9137

**XUNTA DE GALICIA**

*Consellería de Economía e Industria*  
*Xefatura Territorial da Coruña*

· Número de expediente: IN407A 89/2011 .....	12
--	----

2011/9138

**XUNTA DE GALICIA**

*Consellería de Economía e Industria*  
*Xefatura Territorial da Coruña*

· Número de expediente: IN407A 88/2011 .....	13
--	----

2011/9139

**XUNTA DE GALICIA**

*Consellería de Economía e Industria*  
*Xefatura Territorial da Coruña*

· Número de expediente: IN407A 157/2011 .....	14
---	----

2011/9141

**XUNTA DE GALICIA**

*Consellería de Economía e Industria*  
*Xefatura Territorial da Coruña*

· Número de expediente: IN407A 94/2011 .....	16
--	----

2011/9142

**XUNTA DE GALICIA**

*Consellería de Economía e Industria*  
*Xefatura Territorial da Coruña*

· Número de expediente: IN407A 150/2011 .....	17
---	----

2011/9143

**XUNTA DE GALICIA**

*Consellería de Economía e Industria*  
*Xefatura Territorial da Coruña*

· Número de expediente: IN407A 161/2011 .....	18
---	----

2011/9144

**Sumario** (continuación)

	<b>Página</b>
<b>ADMINISTRACIÓN LOCAL</b>	
<b>PROVINCIAL</b>	
<b>DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA</b>	
<i>Tesourería</i>	
· Concello de Culleredo. Notificación de acordo de inicio de procedementos sancionadores de tráfico .....	19
	2011/9125
<b>DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA</b>	
<i>Tesourería</i>	
· Concello de Betanzos. Notificación de acordo de inicio de procedementos sancionadores de tráfico .....	22
	2011/9182
<b>DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA</b>	
<i>Tesourería</i>	
· Concello de Oroso. Notificación de acordo de inicio de procedementos sancionadores de tráfico .....	25
	2011/9206
<b>DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA</b>	
<i>Tesourería</i>	
· Concello de Teo. Notificación de acordo de inicio de procedementos sancionadores de tráfico .....	27
	2011/9210
<b>DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA</b>	
<i>Tesourería</i>	
· Concello de Santa Comba. Notificación de acordo de inicio de procedementos sancionadores de tráfico .....	29
	2011/9219
<b>DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA</b>	
<i>Tesourería</i>	
· Concello de Muros. Notificación de acordo de inicio de procedementos sancionadores de tráfico .....	32
	2011/9222
<b>MUNICIPAL</b>	
<b>ABEGONDO</b>	
· Delegacións especiais a favor dos Srs. Concelleiros.....	35
	2011/9265
<b>ABEGONDO</b>	
· Nomear aos tenientes de alcalde .....	37
	2011/9267
<b>ABEGONDO</b>	
· Constitución Xunta de Goberno Local .....	38
	2011/9268
<b>ARTEIXO</b>	
<i>Servizos Económicos</i>	
· Corrección de erros da publicación do edicto do padrón da taxa por prestación do servizo público de subministro de auga potable, sumidoiros e canon de saneamento de augas residuais da Xunta de Galicia, do período impositivo 2.º trimestre .....	40
	2011/9320
<b>BOIMORTO</b>	
· Acordos plenarios e decretos da Alcaldía sobre o novo réxime de organización e funcionamento do Concello.....	41
	2011/9372
<b>CABANAS</b>	
· Nomeamento tenentes de alcalde .....	45
	2011/9273
<b>CABANAS</b>	
· Delegacións da Alcaldía .....	46
	2011/9275
<b>CABANAS</b>	
· Nomeamento membros Xunta de Goberno Local .....	47
	2011/9276
<b>CABANAS</b>	
· Delegacións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.....	48
	2011/9277
<b>CABANAS</b>	
· Modificación regulamento PAI de As Viñas .....	49
	2011/9280
<b>CABANAS</b>	
· Dedicación parcial Alcaldía .....	50
	2011/9281

## Sumario (continuación)

	<b>Página</b>
<b>CABANAS</b>	
· Asistencias membros Corporación .....	51
	2011/9282
<b>CABANAS</b>	
· Indemnizacións membros Corporación .....	52
	2011/9283
<b>CARNOTA</b>	
· Proposta de nomeamento provisional de funcionario.....	53
	2011/9566
<b>CEE</b>	
· Orde de xestión da biomasa e tala de árbores.....	54
	2011/9289
<b>A CORUÑA</b>	
<i>Concellaría de Rehabilitación Urbana e Vivenda</i>	
· Notificación relativa ao expediente número 106/169/2008 .....	55
	2011/9160
<b>A CORUÑA</b>	
<i>Concellaría de Rehabilitación Urbana e Vivenda</i>	
· Notificación relativa ao expediente número 106/304/2008 .....	56
	2011/9161
<b>A CORUÑA</b>	
<i>Instituto Municipal A Coruña Espectáculos</i>	
· Anuncio delegación de precios de entrada a espectáculos gestionados por el IMCE .....	57
	2011/9316
<b>CULLEREDO</b>	
<i>Urbanismo</i>	
· Distribución e venda de produtos de maquinaria e hixiene industrial .....	58
	2011/9256
<b>CULLEREDO</b>	
<i>Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes</i>	
· Anuncio áreas .....	59
	2011/9297
<b>CULLEREDO</b>	
<i>Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes</i>	
· Anuncio asignación grupos.....	61
	2011/9306
<b>CULLEREDO</b>	
<i>Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes</i>	
· Anuncio dedicaciones .....	62
	2011/9308
<b>CULLEREDO</b>	
<i>Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes</i>	
· Anuncio delegaciones Alcaldía .....	63
	2011/9309
<b>CULLEREDO</b>	
<i>Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes</i>	
· Anuncio delegaciones especiales .....	64
	2011/9310
<b>CULLEREDO</b>	
<i>Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes</i>	
· Anuncio delegaciones generales.....	65
	2011/9311
<b>CULLEREDO</b>	
<i>Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes</i>	
· Anuncio delegaciones pleno .....	69
	2011/9312
<b>CULLEREDO</b>	
<i>Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes</i>	
· Anuncio indemnización asistencias .....	70
	2011/9313

## Sumario (continuación)

	<b>Página</b>
<b>CULLEREDO</b>	
<i>Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes</i>	
· Anuncio mesa contratación .....	71
	2011/9314
<b>CULLEREDO</b>	
<i>Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes</i>	
· Anuncio miembros xunta goberno local .....	72
	2011/9315
<b>CULLEREDO</b>	
<i>Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes</i>	
· Anuncio persoal eventual .....	73
	2011/9317
<b>CULLEREDO</b>	
<i>Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes</i>	
· Anuncio de tenentes de alcalde .....	74
	2011/9319
<b>CURTIS</b>	
· Anuncio organización municipal .....	75
	2011/8974
<b>CURTIS</b>	
· Anuncio pleno organización .....	77
	2011/8975
<b>NOIA</b>	
<i>Urbanismo</i>	
· Anuncio clínica dental .....	80
	2011/9230
<b>NOIA</b>	
<i>Secretaría</i>	
· Baixa inscrición padroal por caducidade-erro 111 .....	81
	2011/9166
<b>O PINO</b>	
· Nomeamento de persoal eventual .....	82
	2011/9299
<b>PONTECESO</b>	
<i>Aperturas de Establecementos</i>	
· Licenza .....	83
	2011/9099
<b>PONTECESO</b>	
<i>Aperturas de Establecementos</i>	
· Licenza .....	84
	2011/9174
<b>RIANXO</b>	
<i>Secretaría</i>	
· Procedemento ordinario nº 380/2011 ante o Xulgado nº 1 de Santiago de Compostela .....	85
	2011/9106
<b>SADA</b>	
<i>Secretaría</i>	
· Nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local, de Tenentes de Alcalde, de delegados da Alcaldía e delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local .....	86
	2011/9085
<b>SADA</b>	
<i>Secretaría</i>	
· Expediente de reclamación patrimonial .....	88
	2011/9103
<b>SANTA COMBA</b>	
· Listado provisional de admitidos e excluídos para a provisión dunha praza de policía local .....	89
	2011/9486
<b>TOQUES</b>	
· Anuncio taxa do lixo 2011 .....	92
	2011/8937

**Sumario** (continuación)

	<b>Página</b>
<b>ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA</b>	
<b>JUZGADOS DE PRIMERA INSTANCIA</b>	
<b>1ª INSTANCIA 1 A CORUÑA</b>	
· Expediente de dominio. Reanudación del tracto 1728/2010 .....	93
	2011/9198
<b>1ª INSTANCIA 5 A CORUÑA</b>	
· Procedimiento: verbal desahucio falta pago 0001419/2010 .....	94
	2011/9154
<b>1ª INSTANCIA 6 A CORUÑA</b>	
· Expediente de dominio. Inmatriculación 691/2008-AL.....	95
	2011/9197
<b>JUZGADOS DE LO SOCIAL</b>	
<b>SOCIAL 2 A CORUÑA</b>	
· Número de autos: demanda 0000566/2008-F.....	96
	2011/9193
<b>SOCIAL 3 A CORUÑA</b>	
· Número de autos: ejecución de títulos judiciales 133/2011 .....	97
	2011/9344
<b>SOCIAL 3 A CORUÑA</b>	
· Número de autos: ejecución de títulos judiciales 13/2011 .....	98
	2011/9348
<b>SOCIAL 4 A CORUÑA</b>	
· Demanda 805/2009-Z .....	100
	2011/9259
<b>SOCIAL 4 A CORUÑA</b>	
· Número de autos: ejecución de títulos judiciales 6/2011-J.....	101
	2011/9376
<b>SOCIAL 5 A CORUÑA</b>	
· Número de autos: despido/ceses en general 597/2011.....	102
	2011/9115
<b>SOCIAL 5 A CORUÑA</b>	
· Edicto 83/11 .....	103
	2011/9269
<b>SOCIAL 2 SANTIAGO DE COMPOSTELA</b>	
· Número de autos: despido/ceses en general 0000155/2011 .....	104
	2011/9192
<b>SOCIAL 1 VIGO</b>	
· Número de autos: despido/ceses en general 0000401/2011 .....	105
	2011/9191
<b>OTRAS ENTIDADES Y ANUNCIOS PARTICULARES</b>	
<b>NOTARÍAS</b>	
<b>NOTARÍA DE MANUEL ACEITUNO PÉREZ</b>	
· Subasta .....	106
	2011/9201
<b>DIVERSOS</b>	
· Información pública de los estatutos de la comunidad de usuarios de la traída de aguas denominada "Revixos", del lugar de Revixos, término municipal de Dodro (A Coruña) .....	107
	2011/9190

# ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

## XUNTA DE GALICIA

### Consellería de Economía e Industria

#### Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas

Expediente IN627A 2009/1-0

Resolución do 16 de xuño de 2011, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se outorga á empresa Gas Galicia SDG SA a autorización administrativa, se recoñece a utilidade pública e se aproba o proxecto de execución do gasoduto denominado "Eixo APA-16 As Pontes de García Rodríguez" e a súa Addenda n.º 1, que afecta a este termo municipal da provincia da Coruña (expediente IN627A 2009/1-0).

Despois de examinar o expediente instruído a instancias da empresa Gas Galicia SDG SA, con CIF A15383284 e con enderezo, para os efectos de notificacións, na rúa Lisboa, s/n, Edificio Área Central, Local 31 HIJ, 15707 - Santiago de Compostela (A Coruña), resultan os seguintes

#### ANTECEDENTES DE FEITO

**Primeiro.-** O 01/06/2009 a empresa Gas Galicia SDG SA solicitou a autorización administrativa, o recoñecemento da utilidade pública e a aprobación do proxecto de execución do gasoduto denominado "Eixo APA-16 As Pontes de García Rodríguez", que discorrerá por este termo municipal da provincia da Coruña, acompañada do preceptivo proxecto de instalacións.

A autorización de instalacións que se solicita comportará, de acordo co que establecen os artigos 103 e 105 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, os beneficios da declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación urxente para o efecto de expropiación forzosa dos bens e dereitos afectados, necesarios para o establecemento destas instalacións, e da imposición e o exercicio da servidume de paso e doutras limitacións de dominio.

As características desta instalación son as seguintes:

- O gasoduto discorre en todo o seu percorrido polo termo municipal de As Pontes de García Rodríguez, na provincia da Coruña, e consta de dous ramais:
  - Ramal a As Pontes: este ramal parte da posición de válvulas existente, Posición 03A pertencente ao gasoduto Mugardos-As Pontes-Guitiriz de Reganosa, e finaliza no núcleo urbano das Pontes, xunto á estrada AC-105 (rúa Blanco Amor).
  - Ramal a Pena Porreira: este ramal ten o mesmo punto de inicio que o anterior, na Posición 03A de Reganosa, e finaliza no Parque Empresarial Pena Porreira, xunto á industria EINSA.
- A conducción realizarase en aceiro ao carbono, terá unha presión máxima de servizo de 16 bar e acadará unha lonxitude total de 7.368 m, dos cales 2.618 pertencen ao ramal das Pontes e 4.750 ao ramal de Pena Porreira, e cos seguintes diámetros:

Ramal	Diámetro (" e mm)	Lonxitude (m)
Ramal a As Pontes	6" (168,3 mm)	2.600
	4" (114,3 mm)	18
Ramal a Pena Porreira	6" (168,3 mm)	4.747
	4" (114,3 mm)	3

- As instalacións auxiliares deste gasoduto son as seguintes:

Denominación	Localización
Válvula de seccionamento	Ao inicio do trazado, xunto á Posición 03A de Reganosa
Válvula de seccionamento	Augas enriba da saída do ramal a Pena Porreira, xunto á Posición 03A de Reganosa
Armario de Regulación AR-01 APA/MPB e as válvulas de seccionamento de entrada e saída a este AR	Ao final do ramal a As Pontes, xunto á estrada AC-105 (rúa Blanco Amor)
Estación de Protección Católica (EPC), leito anódico e acometida eléctrica á EPC	Ao final do ramal a As Pontes, xunto ao armario de regulación
Válvula de seccionamento	Ao inicio do ramal a Pena Porreira, augas enriba da saída do ramal a As Pontes, xunto á Posición 03A de Reganosa
Válvula de acometida	No Parque Empresarial Pena Porreira, xunto á industria EINSA
Válvula de seccionamento	No punto final do ramal a Pena Porreira, dentro do Parque Empresarial Pena Porreira, xunto á industria EINSA

- O seu orzamento ascende á cantidade dun millón trescentos vinte e cinco mil cincuenta e seis euros con vinte céntimos (1.325.056,20 €).

**Segundo.-** O 19/08/2009 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental decidiu que non era necesario someter o proxecto de referencia ao trámite de avaliación de impacto ou de efectos ambientais.

**Terceiro.-** O 28/05/2010 a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas resolveu iniciar o trámite de competencia para o outorgamento da autorización administrativa do dito gasoduto, para os efectos previstos no artigo 5 do Decreto 62/2010, do 15 de abril, polo que se regula o trámite de competencia e os criterios de valoración no suposto de concorrencia de dúas ou máis solicitudes de autorización administrativa de instalacións de transporte secundario e distribución de gas natural e redes de distribución de gases licuados do petróleo (GLP).

Esta resolución publicouse no Diario Oficial de Galicia do 29/06/2010 e, durante o prazo establecido (30 días), non se presentaron outras solicitudes en concorrencia. En consecuencia, continuouse co procedemento de outorgamento de autorización administrativa solicitada pola empresa Gas Galicia SDG SA.

**Cuarto.-** O 22/10/2010 a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas ditou resolución pola que someteu a información pública a solicitude de autorización, recoñecemento da utilidade pública e aprobación do proxecto de referencia, que foi publicada no Diario Oficial de Galicia do 09/12/2010, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do 10/11/2010 e nos xornais La Voz de Galicia e El Correo Gallego do 12/11/2010, e tamén exposta no taboleiro de edictos do Concello das Pontes de García Rodríguez durante un prazo de vinte días.

Así mesmo, a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas trasladou as separatas deste proxecto ás distintas Administracións, organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral, con bens e dereitos ao seu cargo, afectadas pola mencionada condución de gas, para os efectos de obter o seu informe ao respecto.

**Quinto.-** O Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Economía e Industria (en adiante, departamento territorial) informou favorablemente sobre o proxecto de referencia o 22/11/2010.

**Sexto.-** Durante o período de información pública legalmente establecido presentáronse as seguintes alegacións:

Alegacións	
N.º	Resumo
1	Sergio Rey Rodríguez, como propietario do predio C-AS-21, solicita a expropiación de 5 m a ambos lados da canalización, como distancia máxima na que se fixan limitacións pola servidume permanente de paso.
2	Encarnación Mª Rey López, como propietaria do predio C-AS-22, solicita: a expropiación de 5 m a ambos lados da canalización, como distancia máxima na que se fixan limitacións pola servidume permanente de paso; e que a canalización discorra o máis próximo posible ao gasoduto de Reganosa que tamén pasa por ese predio.
3	Carmen Franco Rey, como propietaria do predio C-AS-22, solicita a expropiación de 5 m a ambos lados da canalización, como distancia máxima na que se fixan limitacións pola servidume permanente de paso.
4	Fernando Fresco Carballeira, como propietario do predio C-AS-5, solicita: o cambio de titularidade deste predio ao seu favor; a expropiación de 5 m a ambos lados da canalización, como distancia máxima na que se fixan limitacións pola servidume permanente de paso; e que a canalización discorra o máis próximo posible ao gasoduto de Reganosa que tamén pasa por ese predio.
5	Endesa Generación SA, como propietaria de varios predios afectados por este gasoduto, solicita: reflectir nos planos do proxecto a realidade actual, porque dende a súa redacción (maio-2009) estanse a executar diversos labores e proxectos de forma continua nas áreas polas que discorre o gasoduto; que o trazado do gasoduto se faga pola parte exterior do valo destas áreas; que o trazado do gasoduto se faga pola parte exterior do valo da Planta TEL (Tratamento de Efluentes Líquidos); e que o cruzamento do gasoduto co río Carracedo sexa aéreo, xa que este río será no futuro próximo o leito de desaugadoiro do lago mineiro, o que implicará a realización de diversas actuacións.
6	María América Caaveiro Fraga, actuando no seu nome e en representación dos seus irmáns (Luz, María, Amelia e Francisco), solicita o cambio de titularidade a favor deles dos cinco predios seguintes: C-AS-30, C-AS-32, C-AS-47, C-AS-48 e C-AS-60.
7	Antonio Pico López, actuando en representación dos herdeiros de Francisco Pico Uceira, respecto de tres predios afectados por este gasoduto (C-AS-37, C-AS-43 e C-AS-62), solicita: o cambio de titularidade do predio C-AS-62 a favor deles; manifesta a súa desconfianza polas limitacións introducidas por este gasoduto, que amplían as impostas no seu día polo gasoduto de Reganosa, o que implica que o solo, que foi cualificado como urbanizable industrial, deixe de selo na práctica; e que unha vez que finalicen as obras, os predios queden limpos de entullos ou restos orgánicos, e que os seus cerramentos queden correctamente.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas é a competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de Autonomía de Galicia, no Real decreto 2563/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de industria, enerxía e minas, no Decreto 132/1982, do 4 de novembro, sobre asunción de competencias en materia de industria, enerxía e minas e a súa asignación á Consellería de Industria, Enerxía e Comercio, e no Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, modificado polo Decreto 8/2011, do 23 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, en relación coa Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, co Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, co Decreto 62/2010, do 15 de abril, polo que se regula o trámite de competencia e os criterios de valoración no suposto de concorrencia de dúas ou máis solicitudes de autorización administrativa de instalacións de transporte secundario e distribución de gas natural e redes de distribución de gases licuados do petróleo (GLP) e coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Segundo.-** O citado proxecto cumpre coas esixencias regulamentarias fixadas no Real decreto 919/2006, do 28 de xullo, polo que se aproba o regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a 11.

**Terceiro.-** Á vista das alegacións presentadas, das contestacións da empresa Gas Galicia SDG SA a estas alegacións. e do resto da documentación que consta no expediente, queda de manifesto o seguinte:

1. En canto á solicitude de extensión da expropiación ata os 5 m a ambos lados da canalización, feita nas alegacións n.º 1, 2, 3 e 4, indicar o seguinte: a servidume permanente de paso que se vai constituír e, polo tanto obxecto de valoración, é exclusivamente unha franxa de 3 m (1,5 m a ambos lados da canalización); no resto da franxa correspondente á zona de seguridade (que se estende ata os 5 m a ambos lados da canalización) fíxanse unhas limitacións por razón de seguridade pero non implica prohibición de obras, sempre que se informe previamente ao titular da instalación.

2. En canto á solicitude de achegar o máis posible este gasoduto ao de Reganosa, feita nas alegacións n.º 2 e 4, indicar o seguinte: a empresa promotora comprométese a achegar o gasoduto ao de Reganosa tanto como o permitan as condicións establecidas por esta empresa e respectando as zonas de servidume permanente de paso de ambas canalizacións; para isto, durante a fase de construción, reformularase o trazado de forma conxunta.

3. En canto á solicitude de cambio de titularidade dos predios afectados polo gasoduto, feita nas alegacións n.º 4, 6 e 7, indicar o seguinte: tomouse razón delas, non obstante será durante o acto de levantamento de actas previas á ocupación, ao cal serán oportunamente convocados todos os afectados, cando se poderá demostrar a titularidade dos correspondentes predios, achegando a documentación acreditativa necesaria.

4. En canto ao resto de peticións feitas na alegación n.º 7, indicar o seguinte: a condición de terreo urbanizable industrial non afecta ás limitacións impostas polo gasoduto dentro da súa zona de seguridade; por outra parte, a empresa promotora comprométese a reformular a zona de afección antes do inicio da obra e, unha vez finalizada, a restaurar os terreos afectados que quedarán libres de entullos e restos orgánicos.

5. A respecto da alegación n.º 5, presentada por Endesa Generación SA, indicar que a empresa promotora aceptou as ditas peticións e, en consecuencia, presentou a Addenda n.º 1 ao proxecto "Eixo APA-16 As Pontes de García Rodríguez" que incorpora as seguintes modificacións:

- No Ramal a As Pontes, un cambio de trazado entre os vértices VA-07 e VA-36, en terreos de Endesa Generación SA.
- Este cambio de trazado, realizado a petición de Endesa Generación SA, consiste en situar a canalización entre o bordo da estrada AC-861 e o valo da Planta TEL e, por outra parte, en situar a canalización a unha distancia de 1,5 m do novo valo instalado na zona da antiga mina.
- O orzamento do proxecto non se modifica porque a diferenza de lonxitude respecto do trazado orixinal é tan só de 8 m menos e, así mesmo, a canalización correspondente a esta variante terá as mesmas características que as da canalización inicial.

**Cuarto.-** A empresa Gas Galicia SDG SA procederá a realizar os cruzamentos e afeccións a organismos públicos de acordo cos condicionados e informes realizados, ou de ser o caso, pendentes de realizar.

De conformidade cos preceptos legais citados e os demais de pertinente e xeral aplicación, esta dirección xeral

## RESOLVE

· Outorgar á empresa Gas Galicia SDG SA a autorización administrativa, recoñecer a utilidade pública e aprobar o proxecto de execución do gasoduto denominado "Eixo APA-16 As Pontes de García Rodríguez" e a súa Addenda n.º1, que afecta a este termo municipal da provincia da Coruña; de acordo coas seguintes condicións:

**Primeira.-** Gas Galicia SDG SA constituirá no prazo de dous meses, a contar dende o momento do outorgamento da autorización, unha fianza por valor de 26.501,12 €, importe do 2% do orzamento das instalacións, para garantir o cumprimento das súas obrigas, conforme ao previsto no artigo 73, apartado 4.º da Lei 34/1998, do 7 de outubro, e no artigo 82 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro.

A dita fianza constituirase na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, en calquera das formas sinaladas no artigo 11, apartado 3.º do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, sobre o réxime de instalación, ampliación e traslado de industrias, e será devolta unha vez se formalice a acta de posta en marcha das instalacións.

**Segunda.-** As instalacións e as súas montaxes deberán cumprir as disposicións e normas técnicas que en xeral sexan de aplicación e, en particular, as correspondentes ao Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, ao Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos coas súas instrucións técnicas complementarias e as normas que os cumprimentan, regulamentos electrotécnicos, normas UNE e demais normativa e directrices vixentes, así como



cantas as substitúan ou se diten a nivel estatal ou desta Comunidade Autónoma, e deberán preverse para responder aos avances tecnolóxicos no eido do gas e lograr abastecementos flexibles e seguros.

**Terceira.-** O prazo para a posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

**Cuarta.-** As instalacións que se autorizan realizaranse de acordo coas especificacións e planos que figuran, por unha parte, no proxecto presentado pola empresa, subscrito polo enxeñeiro industrial Francisco José García Rodríguez (colexiado n.º 14.803 – Colexio de Madrid) e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia, na súa Delegación da Coruña, con rexistro n.º 4066/2008 e data 30/10/2008; e, por outra parte, na addenda n.º 1 ao dito proxecto, subscrita polo enxeñeiro industrial Angel Jesús Cruz Bermúdez (colexiado n.º 16.602 – Colexio de Madrid) e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Madrid, con rexistro n.º 200813316 e data 02/06/2011.

**Quinta.-** Unha vez construídas as instalacións autorizadas, a empresa Gas Galicia SDG SA deberá presentar a solicitude de posta en marcha ante o departamento territorial, quen deberá estendela, previas as comprobacións técnicas que considere oportunas.

Previamente ao levantamento da acta de posta en marcha, o departamento territorial solicitará á empresa distribuidora os ensaios e probas oportunas, así como o certificado de dirección e remate de obra, asinado por técnico competente e visado polo colexio oficial correspondente, no que conste que a construción e montaxe das instalacións se efectuaron de acordo co proxecto correspondente, acreditando así mesmo, expresamente, o cumprimento das condicións técnicas e prescricións regulamentarias de aplicación.

**Sexta.-** Gas Galicia SDG SA deberá iniciar a subministración de gas no prazo dun mes contado a partir da data na que o departamento territorial formalice a acta de posta en marcha.

**Sétima.-** A autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións ou licencias de competencia doutros organismos ou entidades públicas, necesarios para realizar as instalacións aprobadas.

**Oitava.-** A Administración resérvase o dereito a deixar sen efecto a presente autorización por calquera das causas sinaladas no artigo 34, apartado 1.º do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, por incumprimento das condicións estipuladas, pola facilitación de datos inexactos ou por calquera outra causa legal ou regulamentaria que así o prevexa.

Contra a presente resolución, que non é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, conforme ao establecido nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

O director xeral de Industria, Enerxía e Minas

Ángel Bernardo Tahoces

## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Economía e Industria

#### Xefatura Territorial da Coruña

Número de expediente: IN407A 87/2011

**Resolución do 23 de xuño de 2011, da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, pola que se autoriza administrativamente e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Arzúa (expediente IN407A 87/2011).**

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e de aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 - A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T.S. rúa Santiago.

Situación: concello de Arzúa.

Características técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea a 15/20 kV, cunha lonxitude de 0,4 km, coa orixe e final en L.M.T.S. entre o C.T. a Fonte e o C.T. rúa Santiago n.º 27 unha vez entre e saia do centro de transformación proxectado, en condutor RHZ1-OL 3x1 x240 mm<sup>2</sup>.

Centro de transformación non prefabricado, cunha potencia de 400 kVA relación de transformación de 15.000-20.000/400-230 V. Concello de Arzúa.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE n.º 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II, do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE n.º 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta Xefatura Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 23 de xuño de 2011.

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Economía e Industria

#### Xefatura Territorial da Coruña

Número de expediente: IN407A 9/2011

**Resolución do 23 de xuño de 2011, da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, pola que se autoriza administrativamente e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello da Coruña (expediente IN407A 9/2011).**

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e de aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 - A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T. r/ Miramar Castrillón, 9-21.

Situación: concello da Coruña.

Características técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea (L.M.T.S.), a 15 kV, cunha lonxitude de 0,286 km, coa orixe na L.M.T.S. EIR-705 r/Bergondo, á entrada do C.T. Avda. dos Caídos n.º 57 (expediente IN407A 2006/210), en condutor RHZ1-20L 12/20 kV 3x (1x240) mm<sup>2</sup> Al, e final en cela do C.T. Avda. dos Caídos n.º 47, previa entrada e saída no C.T. Miramar Castrillón 9-21 proxectado.

Centro de transformación non prefabricado, cunha potencia de 400 kVA e relación de transformación de 15/0,400-0,230 kV. Concello da Coruña.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE n.º 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II, do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE n.º 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta Xefatura Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 23 de xuño de 2011.

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Economía e Industria

#### Xefatura Territorial da Coruña

Número de expediente: IN407A 89/2011

Resolución do 23 de xuño de 2011, da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, pola que se autoriza administrativamente e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Santiago de Compostela (expediente IN407A 89/2011).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e de aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 - A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T. As Trece Rosas, 3.

Situación: concello de Santiago de Compostela.

Características técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea (L.M.T.S.), A 20 kV, baixo tubo, cunha lonxitude de 2x0,037 km, e con condutor RHZ1-20L 12/20 kV 3x (1x240) mm<sup>2</sup> Al, coa orixe en punto de acceso existente na interconexión de rúa Das Trece Rosas coa avda. da Liberdade na L.M.T.S. a CC.TT. Urb. Santa Marta (SUP-6) (expediente IN407A 2007/407) entre o C.T. As Trece Rosas, 1 e Maruxa Mallo, 3 e final na mesma liña unha vez entre e saía do C.T. proxectado.

Centro de transformación (CT) non prefabricado, cunha potencia de 400 kVA e unha relación de transformación de 20/0,400-0,230 kV. Concello de Santiago de Compostela.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE n.º 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II, do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE n.º 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta Xefatura Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 23 de xuño de 2011.

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Economía e Industria

#### Xefatura Territorial da Coruña

Número de expediente: IN407A 88/2011

Resolución do 23 de xuño de 2011, da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, pola que se autoriza administrativamente e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Santiago de Compostela (expediente IN407A 88/2011).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e de aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 - A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T.C. rúa Santa Marta de Arriba, 24.

Situación: concello de Santiago de Compostela.

Características técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea (L.M.T.S.), A 20 kV, baixo tubo, cunha lonxitude de 2x0,019 km, e con condutor RHZ1-20L 12/20 kV 3x (1x240) mm<sup>2</sup> Al, coa orixe en punto de acceso a intercalar na L.M.T.S. a C.T. Santa Marta de Arriba (expediente IN407A 2001/158) e final na mesma liña unha vez entre e saia do C.T. proxectado.

Centro de transformación (CT) non prefabricado, cunha potencia de 400 kVA e unha relación de transformación de 20/0,400-0,230 kV, en r/ Santa Marta de Arriba, 24. Concello de Santiago de Compostela.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE n.º 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II, do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE n.º 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta Xefatura Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 23 de xuño de 2011.

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

# ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

## XUNTA DE GALICIA

### Consellería de Economía e Industria

#### Xefatura Territorial da Coruña

Número de expediente: IN407A 157/2011

Resolución do 22 de xuño de 2011, da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, pola que se somete a información pública a petición da autorización administrativa e a declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica no concello de Boimorto (N.º Expte. IN407A 157/2011).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro (B.O.E. n.º 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real Decreto 1955/2000, de 1 de decembro (B.O.E. n.º 310), sobre autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da autorización administrativa e a declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 - A Coruña.

Denominación: L.M.T., C.T., R.B.T. Fornelos.

Situación: Boimorto.

Características técnicas:

Liña eléctrica de media tensión aérea, a 15/20 kV, cunha lonxitude de 0,696 km, con condutor tipo LA-56/54,60 mm<sup>2</sup>, coa orixe no apoio existente (coordenadas U.T.M. X=574.303, Y=4.760.909) da L.M.T. MEL-712 Sub. Melide-Boimil, e final no C.T.I. Fornelos, proxectado.

Centro de transformación tipo intemperie (C.T.I.) Fornelos, cunha potencia de 100 kVA e unha relación de transformación de 15.000/400-230 V.

Modificación da rede de baixa tensión aérea existente, cunha lonxitude total de 0,240 km, con condutores tipo RZ, coa orixe no C.T.I. proxectado e final na rede existente. Concello de Boimorto.

A relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos afectados polo procedemento de expropiación forzosa figura no anexo.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións nesta Xefatura Territorial, sito no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071-A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación ou notificación individual.

A Coruña, 22 de xuño de 2011.

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

### RELACIÓN DE PROPIETARIOS BENS E DEREITOS AFECTADOS

Expte. n.º 157/11

CONCELLO: BOIMORTO

PROVINCIA: A CORUÑA

LMT, CT, RBT FORNELOS

N.º finca	Paraxe	Cultivo	Nome e apelidos	Enderezo	APOIO		AFECCIÓNS			
					N.º	m <sup>2</sup>	ml aé.	ml sub.	m <sup>2</sup> aé.	m <sup>2</sup> sub.
1	O Regueiro	Prado	Nieves Sánchez Lamas	Iglesia-Dormeá, s/n. 15816 Boimorto, A Coruña			2.0		17.0	
2	Iglesia	Prado	Nieves Sánchez Lamas	Iglesia-Dormeá, s/n. 15816 Boimorto, A Coruña	1	9.0	56.0		520.0	
3	Iglesia	Labor	Jesús Pazo Buján	Plaza de la Universidad, n.º 7-2.º. 15704 Santiago de Compostela, A Coruña	2 (½)	1.0	51.0		504.0	
4	Iglesia	Labor	Jesús Pazo Buján	Plaza de la Universidad, n.º 7-2.º. 15704 Santiago de Compostela, A Coruña	2 (½)	1.0	59.0		573.0	

N.º finca	Paraxe	Cultivo	Nome e apelidos	Enderezo	APOIO		AFECCIÓNS			
					N.º	m <sup>2</sup>	ml aé.	ml sub.	m <sup>2</sup> aé.	m <sup>2</sup> sub.
5	Iglesia	Prado	Jesús Pazo Buján	Plaza de la Universidad, n.º 7-2.º. 15704 Santiago de Compostela (A Coruña)	3	2.0	58.0		540.0	
6	Iglesia	Prado	José y Jesús López Gómez	Federico Manciñeira-Sarro, San Pedro de Nós, n.º 13. 15176 Oleiros (A Coruña)	4	2.0	105.0		1.040.0	
7	Prado da Silva	Prado	José Mejuto Varela	Barrio-Dormeá, s/n. 15816 Boimorto (A Coruña)	5	2.0	73.0		681.0	
8	Prado da Silva	Prado	José Mejuto Varela	Barrio-Dormeá, s/n. 15816 Boimorto (A Coruña)			1.0		83.0	
9	Prado da Silva	Labor	Ramón Rey Taboada	Santalla-Dormeá, s/n. 15816 Boimorto (A Coruña)	6 (½) y 7 (½)	6.5	144.0		1.138.0	
10	Prado da Silva	Labor	Jesús Peteiro Mejuto	Santalla-Dormeá, s/n. 15816 Boimorto (A Coruña)	7 (½) y 8 (½) centro de transf.	9.0	76.0		594.0	
11	Prado da Silva	Prado	Jaime Cid Diéguez	Rúa B, n.º 75-3.º A. 36500 Lalín (Pontevedra)	8 (½) centro de transf.	4.5	1.0		24.0	

## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Economía e Industria

#### Xefatura Territorial da Coruña

Número de expediente: IN407A 94/2011

**Resolución do 22 de xuño de 2011, da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, pola que se autoriza administrativamente e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Ferrol (expediente IN407A 94/2011).**

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e de aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 - A Coruña.

Denominación: adecuación de C.T. Curros Enríquez.

Situación: concello de Ferrol.

Características técnicas:

Adecuación de centro de transformación non prefabricado Curros Enríquez, cunha potencia de 1.000 kVA relación de transformación de 15.000/400/230 V e módulo compacto de celas 2L+1 P. Concello de Ferrol.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE n.º 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II, do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE n.º 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta Xefatura Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 22 de xuño de 2011.

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña



## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Economía e Industria

#### Xefatura Territorial da Coruña

Número de expediente: IN407A 150/2011

Resolución do 21 de xuño de 2011, da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, polo que se somete a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica no concello de Ares (expediente IN407A 150/2011).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE n.º 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE n.º 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 - A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T. avenida do Mazote, s/n.

Situación: Concello de Ares.

Características técnicas:

Identificación del conductor (artículo 9 bis LSV): Salvo en el supuesto de que se trate de una infracción a dicho artículo, de no ser usted el conductor del vehículo denunciado en el momento de la comisión de la infracción, dispondrá de un plazo de quince días naturales para identificar verazmente al conductor responsable de la infracción ante el órgano instructor, indicando el n.º de Boletín o matrícula, el nombre completo, número de permiso o licencia de conducir y domicilio a efectos de notificaciones del conductor responsable, o en su caso, copia de la autorización administrativa que le habilite a conducir en España. De ser una empresa de alquiler de vehículos sin conductor, la copia del contrato de arrendamiento. El incumplimiento de esta obligación es sancionable según los artículos 65.5 j) y 67.2 a) de la LSV.

Durante el plazo de 20 días naturales desde el día siguiente a la presente notificación podrá:

a) Efectuar el pago voluntario con reducción del 50 % del importe de la sanción. Lo que implica acogerse al procedimiento abreviado del artículo 80 LSV y supone la renuncia a formular alegaciones, la terminación del procedimiento el día del pago y demás consecuencias previstas en dicho artículo. Queda abierta la vía contencioso-administrativa en el plazo de dos meses, a contar desde el día siguiente al del pago. Obtención de la carta de pago en las oficinas tributarias de la Diputación (localización en la dirección electrónica [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es), apartado Servicios Tributarios, teléfono de contacto gratuito 900132204).

b) Formular alegaciones y proponer o aportar pruebas (artículo 81 LSV).

c) De no formular alegaciones ni abonar el importe de la multa la denuncia correctamente notificada surte efectos de acto resolutorio en los supuestos y con las consecuencias previstos por el artículo 81.5 LSV, es decir, se tendrá por concluido el expediente, sin necesidad de dictar resolución expresa. Presentación de documentos, escritos y recursos: además de en los lugares previstos en el artículo 38.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, podrán presentarse en la dirección antes indicada y en los registros de esta Diputación. La representación, en su caso, deberá acreditarse por cualquier medio válido en Derecho.

Pérdida de puntos: cuando la sanción sea firme, consultar en [www.dgt.es](http://www.dgt.es).

Prescripción y caducidad del expediente: artículo 92 LSV.

Abreviaturas:

LSV: Ley de seguridad vial.

CIR: Reglamento General de circulación.

OMT: Ordenanza Municipal de Trafico.

A Coruña, 17 de junio de 2011.

LA INSTRUCTORA JEFA

Fdo. M.<sup>a</sup> Jesús Sánchez Chouza

EXPEDIENTE	NIF	NOMBRE	MUNICIPIO	FECHA INFRACCIÓN	HORA INFRACCIÓN	MATRÍCULA	ARTÍCULO LEY	APARTADO LEY	NORMA INFRINGIDA	PUNTOS	IMPORTE
1420/2011	B-36925337	CAMPOS COSTAS CONSULTING SL	VIGO	07/03/2011	12:15	2266GHW	94	2A	CIR	0	200

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Tesourería

*Concello de Muros. Notificación de acordo de inicio de procedementos sancionadores de tráfico*

**Unidade de Instrucción de Sancións Municipais de Tráfico**

**MUROS**

#### NOTIFICACIÓN DE ACORDO DE INICIO DE PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común, debido a que non foi posible a notificación persoal no último domicilio coñecido, fanse públicas as seguintes notificacións de iniciación de expedientes sancionadores en materia de tráfico segundo ACORDO ditado polo alcalde ou, de ser o caso, órgano delegado do Concello, no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 71.4 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, na súa redacción dada pola Lei 18/2009, de 23 de novembro (LSV no sucesivo).

O órgano instrutor do procedemento é a Unidade de Instrucción de Sancións Municipais de Tráfico da Deputación Provincial da Coruña, en virtude de adhesión expresa do Concello ás Bases para a prestación de servizos en materia de sancións por infracción das normas de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (Boletín Oficial da Provincia nº 160, de 17 de xullo de 2009). Os respectivos expedientes obran nas súas dependencias situadas na Rúa Archer Milton Huntington, nº 17-15071 A Coruña onde se poderán presentar os documentos e se dirixirán os respectivos escritos e recursos, ademais de no resto de rexistros, oficinas e dependencias da Deputación Provincial da Coruña e lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, antes citada.

Identificación do condutor (artigo 9 bis LSV): Salvo no suposto de que se trate dunha infracción ao devandito artigo, de non ser vostede o condutor do vehículo denunciado no momento da comisión da infracción disporá dun prazo de quince días naturais para identificar verazmente o condutor responsable da infracción perante o órgano instrutor, indicando o nº de boletín o matrícula, o nome completo, número do permiso de conducir e o seu enderezo a efectos de notificacións do condutor responsable, ou no seu caso, copia da autorización administrativa que o habilite para conducir en España. De ser una empresa de aluguer de vehículos sin condutor, a copia do contrato de arrendamento. O incumprimento desta obriga é sancionable segundo os artigos 65.5 j) e 67.2 a) da LSV:

Durante o prazo de 20 días naturais desde o seguinte á presente publicación poderá:

A) Pagar con redución do 50% do importe da sanción (artigo 80 LSV): O que implica acollerse ao procedemento abreviado do artigo 80 LSV e supón a renuncia a formular alegacións, a terminación do procedemento o día de pago e demáis consecuencias previstas no dito artigo. Queda aberta a vía contencioso-administrativa no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte o pago. Obtención da carta de pago nas oficinas tributarias da Deputación (Localización na dirección electrónica [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es), apartado Servizos Tributarios, teléfono de contacto gratuito 900132204).

B) Formular alegacións y propor ou aportar probas (artigo 81 LSV).

C) De non formular alegacións nin abonar o importe da multa a denuncia correctamente notificada sorte efectos de acto resolutorio nos supostos e coas consecuencias previstas polo artigo 81.5 LSV, é dicir, terase por concluído o expediente, sen necesidade de ditar resolución expresa.

Presentación de documentos, escritos e recursos: ademais de nos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, poderán presentarse no enderezo antes indicado, e nos rexistros desta Deputación Provincial. A representación, no seu caso, deberá acreditarse por calquera medio válido en Dereito.

Prescrición e caducidade do expediente: Artigo 92 LSV.

Perda de puntos: Cando a sanción sexa firme, consultar en [www.dgt.es](http://www.dgt.es)



Abreviaturas:

LSV: Lei de seguridad vial.

CIR: Regulamento xeral de circulación.

OMT: Ordenanza Municipal de Trafico.

A Coruña, 17 de xuño de 2011

A INSTRUTORA XEFA

Asdo. M.<sup>a</sup> Jesús Sánchez Chouza

## Unidad de Instrucción de Sanciones Municipales de Tráfico

### MUROS

#### NOTIFICACIÓN DE ACUERDO DE INICIO DE PROCEDIMIENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO

De conformidad con lo dispuesto en los artículos 59.5 y 61 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre de régimen jurídico de las administraciones públicas y el procedimiento administrativo común, debido a que no fue posible la notificación personal en el último domicilio conocido, se hacen públicas las siguientes notificaciones de iniciación de expedientes sancionadores en materia de tráfico según ACUERDO dictado por el alcalde o, de ser el caso, órgano delegado del Ayuntamiento, en el ejercicio de las atribuciones conferidas por el artículo 71.4 del texto articulado de la Ley sobre tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad viaria, aprobado por el Real decreto legislativo 339/1990, de 2 de marzo, en su redacción dada por la Ley 18/2009, de 23 de noviembre (LSV en lo sucesivo).

El órgano instructor del procedimiento es la Unidad de Instrucción de Sanciones Municipales de Tráfico de la Diputación Provincial de la Coruña, en virtud de adhesión expresa del Ayuntamiento a las Bases para la prestación de servicios en materia de sanciones por infracción de las normas de tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial (Boletín Oficial de la Provincia Nº 160, de 17 de julio de 2009). Los respectivos expedientes obran en sus dependencias situadas en la Calle Archer Milton Huntington, nº 17-15071 A Coruña donde se podrán presentar los documentos y se dirigirán los respectivos escritos y recursos, además de en el resto de registros, oficinas y dependencias de la Diputación Provincial de la Coruña y lugares previstos en el artículo 38.4 de la Ley 30/1992, antes citada.

Identificación del conductor (artículo 9 bis LSV): salvo en el supuesto de que se trate de una infracción a dicho artículo, de no ser usted el conductor del vehículo denunciado en el momento de la comisión de la infracción, dispondrá de un plazo de quince días naturales para identificar verazmente al conductor responsable de la infracción ante el órgano instructor, indicando el nº de Boletín o matrícula, el nombre completo, número de permiso o licencia de conducir y domicilio a efectos de notificaciones del conductor responsable, o en su caso, copia de la autorización administrativa que le habilite a conducir en España. De ser una empresa de alquiler de vehículos sin conductor, la copia del contrato de arrendamiento. El incumplimiento de esta obligación es sancionable según los artículos 65.5 j) y 67.2 a) de la LSV.

Durante el plazo de 20 días naturales desde el día siguiente a la presente notificación podrá:

A) Efectuar el pago voluntario con reducción del 50% del importe de la sanción. Lo que implica acogerse al procedimiento abreviado del artículo 80 LSV y supone la renuncia a formular alegaciones, la terminación del procedimiento el día del pago y demás consecuencias previstas en dicho artículo. Queda abierta la vía contencioso-administrativa en el plazo de dos meses a contar desde el día siguiente al del pago. Obtención de la carta de pago en las oficinas tributarias de la Diputación (localización en la dirección electrónica [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es), apartado Servicios Tributarios, teléfono de contacto gratuito 900132204).

B) Formular alegaciones y proponer o aportar pruebas (artículo 81 LSV).

C) De no formular alegaciones ni abonar el importe de la multa la denuncia correctamente notificada surte efectos de acto resolutorio en los supuestos y con las consecuencias previstos por el artículo 81.5 LSV, es decir, se tendrá por concluido el expediente, sin necesidad de dictar resolución expresa. Presentación de documentos, escritos y recursos: Además de en los lugares previstos en el artículo 38.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, podrán presentarse en la dirección antes indicada y en los registros de esta Diputación. La representación, en su caso, deberá acreditarse por cualquier medio válido en Derecho.

Pérdida de puntos: cuando la sanción sea firme, consultar en [www.dgt.es](http://www.dgt.es)

Prescripción y caducidad del expediente: artículo 92 LSV.

Abreviaturas:

LSV: Ley de seguridad vial.

CIR: Reglamento General de circulación.

OMT: Ordenanza Municipal de Trafico.

A Coruña, 17 de junio de 2011.

LA INSTRUCTORA JEFA

Fdo. M.<sup>a</sup> Jesús Sánchez Chouza

EXPEDIENTE	NIF	NOMBRE	MUNICIPIO	FECHA INFRACCION	HORA INFRACCION	MATRICULA	ARTICULO LEY	APARTADO LEY	NORMA INFRINGIDA	PUNTOS	IMPORTE
2617/2011	33241014B	CREO MARTINEZ FRANCISCO MANUEL	MUROS	11/04/2011	12:45	0131CJH	18	2	CIR	3	200
2927/2011	16808369	GARCIA LA HOZ EDUARDO	LOGROÑO	27/04/2011	18:30	4997CNR	91	2	CIR	0	200

2011/9222

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ABEGONDO

*Delegacións especiais a favor dos Srs. Concelleiros*

**Rfª: AJMC**

Por medio da presente e de conformidade co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, publícase a seguinte resolución da Alcaldía de data 22 de xuño de 2011:

CELEBRADAS as Eleccións Locais que tiveron lugar o pasado día 22 de Maio de 2011, e constituído o novo Concello con data 11 de Xuño de 2011, e co obxecto de dotar dunha maior celeridade e eficacia á actuación municipal, esta Alcaldía, en uso das facultades que lle confiren os artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na nova redacción dada á mesma pola Lei 11/1999, de 21 de abril, art. 61. 3 da Lei 5/97, de 22 de Xullo de Réxime Local de Galicia e demais lexislación concordante, considera necesario proceder ao establecemento dun réxime de delegación competencias a favor de diferentes Concelleiros.

DE CONFORMIDADE coa lexislación á que se fixo referencia anteriormente, esta Alcaldía pode delegar o exercicio das súas atribucións a condición de que non se atopen dentro dos supostos previstos polo artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na súa redacción actual, polo artigo 13 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na nova redacción dada a mesmo pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, e 61.3 da Lei 5/97, de 2 de Xullo, de Réxime Local de Galicia, nos que se regulan as competencias que non poden ser obxecto de delegación.

Por medio da presente e en uso das atribucións que legalmente teño conferidas **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:-** Conferir as seguintes DELEGACIÓNS ESPECIAIS a favor dos Sres. Concelleiros que se indican, para a dirección e xestión das áreas de Goberno Municipal que a continuación se relacionan:

Concelleira Delegada de Sanidade e Benestar: Laura C. Calvo Quintela

Concelleiro Delegado de Urbanismo e Obras maiores: Alberto Seoane Brandariz

Concelleiro Delegado de Industria, Comercio, Promoción Económica e Mercados: Eduardo Zapata Seoane

Concelleira Delegada de Xuventude, Turismo, Protección Civil e Asociacionismo: Noelia Carro Vieites

Concelleiro Delegado de Educación e Medio Ambiente: Gustavo Quindimil Gómez

Concelleiro Delegado de Servizos, Mantemento e Obras Menores: José Mª Caamaño Nogueira

**SEGUNDO:-** En todo caso quedan excluídas as atribucións indelegables expresamente reservadas á Alcaldía no art. 21.3 da Lei 7/85, de 2 de Abril e no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de Xullo.

**TERCEIRO:-** Delegar de forma indistinta en todos os Concelleiros deste Concello as competencias que a esta Alcaldía outórgalle o artigo 51.1 do Código Civil, na nova redacción dada ao mesmo pola Lei 35/1994, de 23 de decembro, para autorizar os matrimonios civís que se celebren neste termo municipal.

Esta delegación faculta a todos os Concelleiros para autorizar matrimonios civís, sen que nunha mesma cerimonia poida intervir máis dun deles.

**CUARTO-** As atribucións delegadas deberanse exercer nos termos e dentro dos límites desta delegación, non sendo susceptibles de ser delegadas polos seus titulares noutro órgano ou concelleiro.

**QUINTO:-** De conformidade co disposto polo artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, estas delegacións terán efecto desde o día seguinte á data de notificación deste Decreto aos Concelleiros afectados, e serán de carácter indefinido, sen prexuízo da potestade de avocación desta Alcaldía.

En caso de ausencia, vacante, enfermidade ou calquera outro impedimento dos Concelleiros delegados, esta Alcaldía asumirá, directa e automaticamente, as competencias delegadas, como titular da competencia orixinaria, entendéndose a estes efectos exercitada a potestade de avocación en base á presente resolución, sen necesidade dunha nova resolución expresa neste sentido.

**SEXTO:-** Notificar esta resolución aos Concelleiros afectados, entendéndose aceptada a competencia delegada de forma tácita, se dentro do prazo das 24 horas seguintes non se manifesta nada en contra ou se fai uso da delegación.

**SÉTIMO:-** Dar conta ao Pleno desta resolución na primeira sesión que teña lugar, e publicar o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto polo artigo 44.2 do texto legal antes citado.

O que se publica aos efectos oportunos

Abegondo, 24 de xuño 2011.

O ALCALDE- PRESIDENTE

José Antonio Santiso Miramontes

---

2011/9265

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ABEGONDO

*Nomear aos tenientes de alcalde*

**Rfº: AJMC**

Por medio da presente e de conformidade co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, publícase a seguinte resolución da Alcaldía de data 22 de xuño de 2011:

CELEBRADAS as Eleccións Locais que tiveron lugar o pasado día 22 de Maio de 2011, e constituído o novo Concello con data 11 de Xuño de 2011, resulta necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal, en particular, á constitución da Xunta de Goberno local, en exercicio da potestade de autoorganización que o artigo 4.1. a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na nova redacción dada á mesma pola Lei 11/1999, de 21 de abril, recoñece esta Entidade.

CONSIDERANDO que de conformidade co disposto polos artigos 21.2 e 23.3 da citada Lei, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas no art. 62 da Lei 5/97, de 22 de Xullo, de Réxime Local de Galicia e 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/86, de 28 de Novembro, os tenentes de Alcalde serán libremente nomeados e cesados polo Alcalde entre os membros da Comisión de Goberno.

CONSIDERANDO que esta Alcaldía, en uso das competencias que lle outorga a lexislación vixente con data 22 de Xuño de 2011 procedeu mediante Decreto á designación dos membros da Comisión de Goberno. En uso das atribucións que me confire a citada lexislación, por medio da presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO**:- Nomear Tenentes de Alcalde deste Concello, cos efectos do día de hoxe, aos membros da Xunta de Goberno local coa orde que se indica:

Primeiro tenente de Alcalde: Laura Consolación Calvo Quintela

Segundo tenente de Alcalde: Alberto Seoane Brandariz

Terceiro tenente de Alcalde: Eduardo Zapata Seoane

Cuarto tenente de Alcalde: Noelia Carro Vieites

**SEGUNDO**:- Establecer que en caso de ausencia, vacante ou enfermidade desta Alcaldía e da tenencia de Alcaldía, as atribucións e competencias que me recoñece a lexislación vixente, e en especial, a ordenación de pagos e autorizacións de talóns bancarios serán realizadas polos membros da Xunta de Goberno local, de conformidade coa orde determinada na formación da Xunta de Goberno.

**TERCEIRO**:- A estes efectos, cando esta Alcaldía teña que ausentarse do termo municipal, establecerá, mediante Decreto, a duración da súa ausencia, designando ao primeiro Tenente de Alcalde para asumir as súas competencias. De non conferirse esta Designación de forma expresa, esta Alcaldía será substituída polo Primeiro Tenente de Alcalde e, na súa falta, por calquera dos outros membros da Xunta de Goberno local, que deberán dar conta diso ao resto da Corporación, sen que durante o mesmo día poida actuar como Alcalde accidental máis dun deles.

**CUARTO**:- Comunicar este Decreto aos afectados, facéndolles constar que terá que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcalde accidental, non podendo no citado exercicio nin modificar as delegacións xa efectuadas por esta Alcaldía con anterioridade, nin outorgar outras novas.

**QUINTO**:- Dar conta ao Pleno da Corporación desta Resolución na Sesión Extraordinaria que se convoque en cumprimento do previsto polo artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de Novembro de 1986.

O que se publica aos efectos oportunos

Abegondo, 22 de xuño 2011.

O ALCALDE- PRESIDENTE

José Antonio Santiso Miramontes

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ABEGONDO

*Constitución Xunta de Gobierno Local*

Rfº: AJMC

Por medio da presente e de conformidade co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, publícase a seguinte resolución da Alcaldía de data 22 de xuño de 2011:

Celebradas as Eleccións Locais que tiveron lugar o pasado día 22 de Maio de 2011, e constituído o novo Concello con data 11 de Xuño de 2011, resulta necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal, en particular, á constitución da Xunta de Gobierno local, en exercicio da potestade de autoorganización que o artigo 4.1. a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na nova redacción dada á mesma pola Lei 11/1999, de 21 de abril, recoñece esta Entidade.

Considerando que de conformidade co disposto polos artigos 20.1. b) e 23 da citada Lei, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas no art. 65 da Lei 5/97, de 22 de Xullo, de Réxime Local de Galicia e 41.3, 43.2 e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/86, de 28 de Novembro, neste Municipio é obrigatoria a constitución da Comisión de Gobierno por ter unha poboación de dereito superior a 5.000 habitantes.

En uso das atribucións que me confire a citada lexislación, por medio da presente RESOLVO:

**PRIMEIRO:-** Constituír a Xunta de Gobierno, órgano colexiado municipal de carácter resolutorio, que quedará integrada por los membros seguintes:

- **Presidente:** José Antonio Santiso Miramontes
- **Vogais:** Laura Consolación Calvo Quintela  
Alberto Seoane Brandariz  
Eduardo Zapata Seoane  
Noelia Carro Vieites

**SEGUNDO:-** As sesións da Xunta de Gobierno celebránsense na Sala de Comisións desta Casa Consistorial cada quince días, o segundo e cuarto mércores de cada mes ás 13.30 horas

**TERCEIRO:-** Facultar ao señor Alcalde-Presidente para alterar as sesións da Xunta de Gobierno local que coincidan coa Semana Santa e Nadal, como consecuencia dos períodos vacacionais, cando iso non menoscabe a xestión dos asuntos municipais, así como para pospor ou avanzar a celebración das sesións ordinarias da citada Comisión, dentro da mesma semana da súa celebración, cando o día fixado sexa festivo.

**CUARTO:-** A Xunta de Gobierno, cuxa competencia básica é prestar asistencia e asesoramento a esta Alcaldía no exercicio das súas atribucións, ostentará, por delegación da mesma, as competencias seguintes:

A) Concesión de licenzas de apertura de establecementos comerciais, industriais, mercantís ou de calquera outra índole.

B) Concesión de licenzas de obras en xeral, demolicións e declaracións de ruína.

C) Aprobar a oferta pública de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas de selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas así como o recoñecemento da antigüidade do persoal municipal. Sen prexuízo do disposto a aprobación e ordenación da nómina será retida polo Alcalde.

D) As aprobacións de instrumentos do planeamento de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

E) As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento nin, en calquera caso 6.010.121,04 euros, incluídas as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior de catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada. Enténdese efectuada a delegación cando o seu importe supere os 3.000 euros, incluíndo o correspondente á tramitación orzamentaria.

F) A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento, así como aprobación dos pregos de condicións técnicas facultativas e económico-administrativas, resolución das reclamacións ou recursos interpostos contra eles e aprobación definitiva.

G) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 3.005.060,52 euros, así como o alleamento do patrimonio que non supere a porcentaxe nin a contía indicada nos seguintes supostos:

-As de bens inmobles, sempre que estea prevista no Orzamento.

-As de bens mobles, salvo os declarados de valor histórico ou artístico cuxo alleamento non se atope previsto no Orzamento.

H) Disposición e autorización de gastos, así como aprobación de certificacións de obras e facturas de contía superior a 300,51 euros.

I) Devolución de fianzas.

L) A aprobación dos padróns impositivos e matrículas que sexan competencia desta Alcaldía de acordo coa lexislación vixente, así como a resolución dos recursos e reclamacións derivados deses actos.

**QUINTO:-** As atribucións delegadas teranse que exercer pola Xunta de Goberno nos termos e dentro dos límites desta delegación, non sendo susceptibles de ser delegadas en ningún outro órgano.

No texto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno en virtude desta delegación, terase que facer constar esta circunstancia mediante a inclusión, na parte expositiva, do texto seguinte: «Considerando que a adopción deste acordo é competencia desta Xunta de Goberno en virtude das delegacións efectuadas polo Alcalde deste Concello, mediante Decreto data 22 de Xuño de 2011.»

Os acordos que se adopten por delegación entenderanse ditados por esta Alcaldía como titular da competencia orixinal, a quen se terá que manter informado o exercicio da delegación, e serán inmediatamente executivos e presuntamente lexítimos.

**SEXTO:-** Comunicar esta resolución a todos os Concelleiros afectados e aos encargados dos diferentes Servizos Municipais, para o seu coñecemento e efectos.

**SÉTIMO:-** Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto polo artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**OCTAVO:-** Dar conta ao Pleno desta resolución na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ao previsto polo artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O que resolvo e asino ante min, o Secretario da Corporación, en Abegondo a 22 de Xuño de 2011

O que se publica aos efectos oportunos.

Abegondo, 24 de xuño 2011.

O ALCALDE- PRESIDENTE

José Antonio Santiso Miramontes

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Servizos Económicos

*Corrección de erros da publicación do edicto do padrón da taxa por prestación do servizo público de subministro de auga potable, sumidoiros e canon de saneamento de augas residuais da Xunta de Galicia, do período impositivo 2.º trimestre*

#### ANUNCIO

**CORRECCIÓN DE ERROS DA PUBLICACIÓN DO EDICTO DO PADRÓN DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE, SUMIDOIROS E CANON DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS DA XUNTA DE GALICIA, CORRESPONDENTE AO PERÍODO IMPOSITIVO 2º TRIMESTRE DE 2011.**

Detectado erro na publicación do Edicto do padrón da taxa por prestación do servizo público de subministro de auga potable, sumidoiros e canon de saneamento de augas residuais da Xunta de Galicia, correspondente ao período impositivo 2º trimestre de 2011, (BOP nº 122 de data 28 de xuño de 2011), eméndase o mesmo do seguinte xeito:

Onde dí “Os contribuíntes que teñen domiciliado o pagamento nunha entidade financeira, os recibos seranlles cargados na conta por eles indicada, o vindeiro 31 de marzo de 2011” debe dicir “Os contribuíntes que teñen domiciliado o pagamento nunha entidade financeira, os recibos seranlles cargados na conta por eles indicada, o vindeiro 30 de xuño de 2011

Aos efectos da exposición pública por un prazo de quince días dende a correspondente publicación, entenderase que dito prazo empezaría a contar dende a data de publicación da presente corrección de erros.

Arteixo, 29 de xuño de 2011.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Por Resolución Alcaldía nº 989/2011

Asdo.: María José Riveiro Martínez

Concelleira de Servizos Económicos



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BOIMORTO

*Acordos plenarios e decretos da Alcaldía sobre o novo réxime de organización e funcionamento do Concello*

Constituída a Corporación municipal o día 11 de xuño de 2011, e celebrado o día 29 de xuño de 2011 o pleno extraordinario á que fai referencia o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, publícanse os seguintes acordos plenarios e decretos da Alcaldía sobre o novo réxime de organización e funcionamento do Concello:

#### A.- ACORDOS PLENARIOS:

##### A.1.- Periodicidade sesións plenarios:

**PRIMEIRO.-** O Pleno do Concello de Boimorto celebrará sesións ordinarias, con carácter periódico cada dous meses, coincidindo cos meses pares, o último xoves de cada mes ás 20:00 horas salvo o mes de agosto no que se pasa a sesión plenaria para o mes de setembro e, polo tanto, celebrará sesión ordinaria nos seguintes meses; febreiro, abril, xuño, setembro, outubro e decembro. En caso de coincidir que o último xoves de cada mes correspondente para a celebración da/s sesión/s ordinaria/s plenarios fose inhábil a sesión ordinaria celebraríase o seguinte día hábil á mesma hora.

**SEGUNDO.-** Facultar á Alcaldía presidencia para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**TERCEIRO.-** Que queden derogados Decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo así como delegacións de competencias do Pleno na Xunta de goberno local ou Alcaldía non acordadas expresamente polos membros da nova Corporación constituída tralas eleccións municipais en maio de 2011.

##### A.2.- Creación Xunta de goberno local

**PRIMEIRO.-** Crear a Xunta de goberno local que estará presidida por esta Alcaldía e que estará integrada por 3 concelleiros, número non superior a un tercio do número legal de membros da Corporación nomeando como membros da Xunta de Goberno local ós seguintes Concelleiros:

D.<sup>a</sup> Ana Ledo Fernández

D. José Ángel Rey Seoane

D.<sup>a</sup> Isabel Sesar Otero

**SEGUNDO.-** A Xunta de goberno local terá as seguintes atribucións:

A) A asistencia permanente e asesoramento ó Alcalde no exercicio das súas atribucións.

B) As atribucións que esta Alcaldía e / ou o Pleno municipal, de forma expresa delegue na mesma.

**TERCEIRO.-** Facultar á Alcaldía para todos aqueles actos que sexan precisos para a execución do presente acordo.

**CUARTO.-** En aplicación do artigo 112.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais a Xunta de goberno local celebrará sesión ordinaria nos días e horas determinados en decreto desta Alcaldía.

**QUINTO.-** Que queden derogados Decretos, acordos, resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo, así como delegacións de competencias na Xunta de goberno local na Xunta de goberno local non acordadas expresamente polos membros da nova Corporación constituída tralas eleccións municipais.

A periodicidade das sesións da Xunta de Goberno local será cada mes, o último xoves hábil ás 13:00 horas, de ser inhábil o día seguinte hábil.

##### A.3.- Comisión informativa permanente especial de contas

**PRIMEIRO.-** Crear a Comisión informativa de carácter Permanente Especial de Contas de existencia preceptiva segundo o artigo 116 da Lei 7/1985 de 2 de abril acordando o seu carácter permanente para que actúe como Comisión de Facenda e especial de Contas, correspondéndolle:

O exame, estudo e informe das contas anuais así como competencias en asuntos que deban someterse ó Pleno e versen sobre as seguintes materias: orzamentos, ingresos e gastos, aprobación de operacións financeiras ou de crédito, concesións de quitas ou esperas cando os eu importe non exceda do 5% dos recursos ordinarios do orzamento, imposición e ordenación dos recursos propios de carácter tributario, ordenanzas fiscais, contribucións especiais, recaudación, subvencións, modificación e habilitación de créditos, outras materias que estean relacionadas coas anteriores

En aplicación do artigo 125B) do ROF e estará integrada por cinco membros dous do grupo municipal do PsdG-PSOE, dous do grupo municipal do PP e un do grupo mixto, debendo os grupos citados dar a adscripción concreta dos membros, que en representación de cada grupo van formar parte desta Comisión no prazo de dez días hábiles dende a data de celebración do Pleno no que se aprobe a composición da citada Comisión mediante escrito do Portavoz do grupo municipal dirixido ó Alcalde e do que se dará conta ó Pleno, podéndose designar un suplente por cada titular.

**SEGUNDO.-** A Presidencia das Comisións informativas corresponderá ó Sr. Alcalde.

**TERCEIRO.-** Facultar ó Alcalde-Presidente para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo e que queden derogados Decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo .

#### **A.4.- Representantes da Corporación en órganos colexiados**

**PRIMEIRO.-** Designar a D. Xosé Luís Rivas Cruz como representante do Concello de Boimorto no Consello Escolar.

**SEGUNDO.-** Que sexa a propia Alcaldía quen represente o Concello de Boimorto en órganos colexiados da Fundación Comarcal e do Consorcio Galego de Servizos Sociais e da Igualdade.

**TERCEIRO.-** Comunicar este acordo ós órganos colexiados correspondentes e facultar ó Alcalde Presidente para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo e que queden derogados decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo.

#### **A.5.- Retribucións, indemnizacións e asistencias**

**PRIMEIRO.-** Establecer unha dedicación exclusiva do cargo da Alcaldía Presidencia

A.- Cargos con dedicación exclusiva:

- Alcalde-Presidente: retribución bruta anual de 39.200 €, cantidade que será aboada mensualmente (14 pagas) pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias) Total : 39.200 € brutos anuais.

**SEGUNDO.-** Solicitar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a Alta do Sr. Alcalde- Presidente , dandolle efectos retroactivos á alta con data do 11/06/2011 do presente ano, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social impoñen ás Empresas en relación cos traballadores ó seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

**TERCEIRO.-** Asistencias:

Tódolos membros da Corporación, agás os que desempeñen o seu cargo con dedicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

A.- Por asistencia a Plenos, Xunta de goberno e Comisións informativas sesenta euros (60€) por sesión.

**CUARTO.-** Dietas e gastos de locomoción:

Aqueles membros da corporación que realicen comisións de servizo fóra do termo municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o grupo I no Real Decreto 462/2002, de 4 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, da seguinte maneira:

- Dieta enteira, nos casos con pernocta.

- Media dieta, noutro caso.

A indemnización que se percibirá como gasto da viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servizo será a cantidade por quilómetro percorrido que se indica no Real Decreto, citado no punto anterior e demais normas posteriores de actualización. Nos restantes casos, indemnizarase polo importe do billete ou pasaxe empregada.

**QUINTO.-** Que queden derogados Decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo, incluíndo bases de execución do orzamento municipal, dando exposición pública por 15 días e entendendo que de non presentarse alegacións quedarán derogadas as bases de execución do orzamento municipal de 2011 que se opoñan a este acordo.

**B.- DECRETOS DA ALCALDÍA**

**B.1.- <<Decreto: 184 / 2011 Data decreto: 17/06/2011 Descrición decreto: Nomeamento Tenentes de Alcalde.**

DON JOSÉ IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA )

Vistos os artigos 20.1 e 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 46 e 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais , segundo o disposto no artigo 46 do Regulamento de organización e funcionamento e rexime xurídico das entidades locais de 28 de novembro de 1986 tendo previsto esta Alcaldía propoñer ó Pleno municipal a creación da Xunta de goberno local da que formarían parte os/as neste decreto nomeados/as Tenentes de Alcalde polo presente RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Nomear Tenentes de Alcalde, pola orde expresada, ós seguintes Concelleiros que serán propostos tamén por esta Alcaldía como membros da Xunta de goberno local cuxa creación será proposta ó Pleno :

- 1.º. D.ª Ana Ledo Fernández
- 2.º. D. José Ángel Rey Seoane
- 3.º. D.ª Isabel Sesar Otero

**SEGUNDO.-** Corresponde ós nomeados, polo mesma orde, substituírme na totalidade das miñas funcións, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas atribucións; así como nos supostos de vacante ata que tome posesión o novo Alcalde.

**TERCEIRO.-** A presente resolución notificarase ós designados persoalmente, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

**B.2.- <<Decreto: 201 / 2011 Data decreto: 27/06/2011 Descrición decreto: Delegación de competencia do Alcalde na Xunta de goberno local e fixación dos días e horas de celebración das súas sesións ordinarias.**

DON JOSÉ IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA )

Visto que se propón por esta Alcaldía, en proposta de data 24/06/2011, ó Pleno municipal que acorde a creación de Xunta de goberno local e deixar sen efectos todas as delegacións de competencias na Xunta de goberno local, derivadas de acordos da Corporación anterior .

Visto o artigo 112 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro que sinala que é competencia desta Alcaldía fixar por decreto día e hora de celebración de sesión ordinaria da Xunta de goberno local .

Vistos os artigos 114 a 118 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro polo presente e tendo en conta o disposto no artigo 21.3 da Lei 7/1985 de bases do réxime local e as bases de execución do orzamento municipal para o ano 2011 polo presente RESOLVO:

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Deixar sen efecto a delegación de competencias feita por esta Alcaldía Presidencia na Xunta de goberno local en decreto 28/2008 e recollida nas bases de execución do orzamento municipal do 2011 e delegar de forma expresa na Xunta de goberno local as seguintes atribucións desta Alcaldía:

- A) A concesión de toda clase de licencias e autorizacións.
- B) As contratacións de obras, subministracións, servizos e xestión de servizos públicos, así como, contratos administrativos especiais e contratos privados cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros incluídos ós de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere, nin a porcentaxe indicada referida ós recursos ordinarios do orzamento no primeiro exercicio, nin a contía sinalada. Así como, a adxudicación de concesións sobre os bens do Concello e adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, nin, ó importe de 3 millóns de euros, así como, a enaxenación do patrimonio cando o seu valor non supere a porcentaxe e contía indicados .
- C) A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento municipal.
- D) Dispoñer gastos, dentro dos límites que competan ó alcalde e ós expresamente previstos nas Bases de Execución do Orzamento municipal, así como, aprobar as facturas que correspondan ó desenvolvemento normal do orzamento mu-

nicipal e que fosen recibidas polo Servizo de Intervención Tesorería, salvo os gastos referidos ás nóminas do persoal do Concello que se manterán como de competencia da Alcaldía.

E) A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do Planeamento xeral competencia da Alcaldía, así como, os instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

F) Organizar os servizos de recadación e tesourería, sen prexuízo das facultades do Pleno para aprobar as formas de xestión deses servizos, e aprobación das liquidacións de ingresos, salvo padróns municipais, no desenvolvemento da xestión económica do orzamento en vigor aprobado que serán aprobados por Decreto da Alcaldía.

G) A aprobación das certificacións de obras, dos que sexa competencia súa a contratación.

H) Informar os expedientes relativos a actividades clasificadas, así como informar en expedientes relacionados coa concesión de licencias urbanísticas.

**SEGUNDO.-** Fixar os últimos xoves hábiles de cada mes (de coincidir inhábil celebraríase a sesión ordinaria o seguinte día hábil) para a celebración das sesións ordinarias da Xunta de goberno local ás 13:00 horas.

**TERCEIRO.-** Da presente resolución, darase coñecemento ó Pleno na primeira sesión que celebre, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ó da data, conforme se indica no artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, deixando sen efecto calquera resolución ou acordo municipal contrario ó disposto neste decreto.>>

Así mesmo, en aplicación do artigo 169 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba a Lei reguladora das facendas locais, modificada como consecuencia deste novo réxime organizativo a base 21 das bases de execución do orzamento municipal do 2011 e todo o contido das mesmas que se opoña a estes acordos, modifícanse as mesmas deixando sen efecto o contido contrario a estes acordos, facendo exposición pública por 15 días hábiles durante os que os interesados poderán presentar reclamacións, considerando modificadas definitivamente ditas bases e aprobada a modificación de non presentarse en dito prazo reclamacións.

Boimorto, 4 de xullo de 2011.

O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CABANAS

*Nomeamento tenentes de alcalde*

#### EDICTO

Con data 14 de xuño de 2011, esta Alcaldía resolveu:

1.º.-Nomear tenentes de Alcalde deste Concello coas atribucións que sinala o artigo 23.3 da Lei 7/1985, artigo 63 da referida Lei 5/1997 e disposicións regulamentarias concordantes, os seguintes concelleiros:

Primeiro Tenente de Alcalde, D.<sup>a</sup> Eva María Pazos Bande.

Segundo Tenente de Alcalde, D. Juan Antonio López Rodríguez

Terceiro Tenente de Alcalde, D.<sup>a</sup> Esperanza Gayoso Pereiro

2.º.-Dar conta ó Pleno da Corporación destes nomeamentos na primeira sesión que realice, con notificación ós interesados que agás manifestación expresa considerárase aceptada, e publicación no B.O.P

O que se publica a efectos do disposto no artigo 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Cabanas, 15 de xuño de 2011.

O alcalde

Asdo. Germán Castrillón Permuy

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CABANAS

*Delegacións da Alcaldía*

#### EDICTO

Con data 14 de xuño de 2011, esta Alcaldía resolveu:

1.º. Efectuar delegación de atribucións desta Alcaldía que a seguir se detallan:

a) Delegar na primeira tenente de Alcalde D<sup>a</sup>. Eva María Pazos Bande as atribucións referentes a dirección interna, inspección e xestión en materia de Medio Ambiente e Turismo.

b) Delegar no segundo tenente de Alcalde D. Juan Antonio López Rodríguez as atribucións referentes a dirección interna e xestións en materia de Traballo e Benestar, Sanidade e Persoal.

c) Delegar na terceira tenente de Alcalde D<sup>a</sup>. Esperanza Gayoso Pereiro as atribucións referentes a dirección interna e xestións en materia de Cultura, Deportes, Educación, Festas e Patrimonio.

d) Efectuar delegación especial na concelleira D<sup>a</sup>. Ana Rosa Méndez Eiroa das atribucións referentes a dirección interna e xestións en materia de Industria e Comercio.

e) Efectuar delegación especial no concelleir D. Julian Ramón Seijas Criado das atribucións referentes a dirección interna e xestións en materia de Medio rural, Parques infantís e Limpeza viaria.

2.º. Dar conta das devanditas delegacións ó pleno da Corporación na primeira sesión que realice, con notificación ós interesados que agás manifestación expresa considerárase aceptada, e publicación no B.O.P

O que se publica a efectos do disposto no artigo 44.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Cabanas, 15 de xuño de 2011.

O alcalde

Asdo. Germán Castrillón Permuy

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CABANAS

*Nomeamento membros Xunta de Goberno Local*

#### EDICTO

Con data 28 de xuño de 2011, esta Alcaldía resolveu::

1º. Nomear membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Cabanas aos concelleiros: D<sup>a</sup>. Eva M<sup>a</sup>. Pazos Bande, D. Juan A. López Rodríguez e D<sup>a</sup>. Esperanza Gayoso Pereiro.

2º. Corresponde a Xunta de Goberno Local a asistencia ó Alcalde no exercicio das súas atribucións e as atribucións que o alcalde ou outro órgano municipal lle deleguen e as que lle atribúan as leis.

3º. A Xunta de Goberno Local reunirse en sesión ordinaria o primeiro e terceiro mércores de cada mes as tece horas.

4º. Notifica-lo presente decreto ós concelleiros afectados, dar conta ó pleno da Corporación na primeira sesión que realice e proceder á publicación no BOP

O que se publica a efectos do disposto no artigo 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Cabanas, 28 de xuño de 2011.

O alcalde

Asdo.: Germán Castrillón Permuy

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CABANAS

*Delegacións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local*

#### EDICTO

Con data 28 de xuño de 2011, esta Alcaldía resolveu:

1º. Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das atribucións establecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril que a continuación se detallan:

Do apartado g) Aproba-la oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno, e aproba-las bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.

Do apartado q) O outorgamento das licenzas urbanísticas, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou a Xunta de Goberno Local.

Do apartado g) As demais non contempladas noutros apartados deste artigo 21.1, que lle atribúan as leis que sendo da súa competencia e delegable a Alcaldía considera oportuno sometelo a resolución da Xunta de Goberno Local.

O que se publica a efectos do disposto no artigo 44.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Cabanas, 28 de xuño de 2011.

O alcalde

Asdo.: Germán Castrillón Permuy

2011/9277



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CABANAS

*Modificación regulamento PAI de As Viñas*

#### EDICTO

**Modificación do regulamento de réxime interno do PAI das Viñas.**

O pleno da Corporación en sesión realizada o 25 de abril de 2011, acordou:

1.º.–Aprobar provisionalmente a modificación do regulamento de réxime interno do Punto de Atención a Infancia (PAI) de As Viñas.

2.º.–Someter a información pública o referido acordo e texto do regulamento modificado, polo prazo de trinta días a través de anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

3.º.–No caso de que non se presentaren reclamacións no prazo anterior, o acordo adoptado entenderase definitivamente aprobado, segundo o establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Cabanas, 13 de maio de 2011.

O alcalde

Asdo.: Germán Castrillón Permuy

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CABANAS

*Dedicación parcial Alcaldía*

#### EDICTO.

**Dedicación parcial Alcaldía..**

O pleno da Corporación en sesión realizada o 22 de xuño de 2011, acordou:

1º.-A partir desta data e ata o final do mandato e constitución da nova Corporación, o cargo de Alcalde desempeñárase en réxime de dedicación parcial de trinta e cinco horas semanais, cunha retribución anual de 32.900,00 euros a percibir na contía mensual de 2.350.00 euros mais dúas pagas extraordinarias polo mesmo importe nos meses de xuño e decembro, con dereito a un mes de vacacións, asumindo a Corporación o pagamento das cotas empresariais que correspondan.

Todo elo sen prexuízo das modificacións que poidan acordarse polo Pleno da Corporación no devandito período.

2º.- A base 31ª. do orzamento municipal para 2011 modificárase nos termos do apartado anterior.

O que faise público no cumprimento do establecido no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Cabanas, 29 de xuño de 2011.

O alcalde

Asdo. Germán Castrillón Permuy

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CABANAS

*Asistencias membros Corporación*

EDICTO

Asistencias membros Corporación.

O pleno da Corporación en sesión realizada o 22 de xuño de 2011, acordou:

1°.A partir desta data a contía a percibir polos membros da Corporación que teñan dereito a elas, por asistencia a órganos colexiados dos que formen parte serán as seguintes:

a) Asistencia a sesións de pleno, xunta de voceiros, mesas de contratación, comisións e outros órganos colexiados dos que formen parte 100,00 euros por reunión.

b) Asistencia sesións da Xunta de Goberno Local e Xunta de delegados, 150,00 por reunión.

Estas asistencias con as recollidas na base 33ª do orzamento municipal para 20110 que faise público no cumprimento do establecido no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Cabanas, 29 de xuño de 2011.

O alcalde

Asdo. Germán Castrillón Permuy

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CABANAS

*Indemnizacións membros Corporación*

#### EDICTO.

#### Indemnizacións membros Corporación..

O pleno da Corporación en sesión realizada o 22 de xuño de 2011, acordou:

1°. A partir desta data a contía a percibir como axudas de custo polos membros da Corporación que teñan que desprazarse fora do Concello para xestións municipais, cursos ou xornadas, serán as seguintes:

Axuda de custo completa, (inclúe gastos de manutención e aloxamento por día) dentro da Comunidade Autónoma 150,00 euros, fora da Comunidade Autónoma 200,00 euros.

Axuda de custo manutención ( inclúe gastos comida e cea por día) dentro da Comunidade Autónoma 90,00 euros, fora da Comunidade Autónoma 110,00 euros.

Axuda de custo reducida (inclúe gastos comida ou cea por día) dentro da Comunidade Autónoma 60,00 euros, fora da Comunidade Autónoma 65,00 euros.

2°. Os gastos de desprazamento aboaranse de acordo co disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio.

3°. A xustificación das axudas de custo e gastos de viaxe por uso de vehículo particular xustificaranse mediante declaración xurada na que se detalle o día, xornada, lugar e concepto do desprazamento, e no suposto de axuda de custo enteira achegarase factura acreditativa do aloxamento.

Estas indemnizacións son as recollidas na base 33ª do orzamento municipal para 2011

O que faise público no cumprimento do establecido no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Cabanas, 29 de xuño de 2011.

O alcalde

Asdo. Germán Castrillón Permuy

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARNOTA

*Proposta de nomeamento provisional de funcionario*

#### ANUNCIO

Formulada a proposta provisional de nomeamento, de conformidade co as bases do concurso publicadas no BOP n.º 75 do 19 do abril de 2011, para o posto de traballo de persoal funcionario da Escala de Administración Xeral, Subescala Subalterna, grupo E, complemento de destino 14, denominación conserxe do Concello, a favor de D. José Manuel Chouza Lago, DNI 33.202.980-L, pola comisión de valoración, pódense interpoñer reclamacións contra esta nun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte da publicación deste anuncio no BOP. En caso de non existir, a proposta provisional farase definitiva e elevarase á Xunta de Goberno.

Carnota, 7 xullo do 2011.

O ALCALDE

Asdo. Ramón Noceda Caamaño

2011/9566

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CEE

*Orde de xestión da biomasa e tala de árbores*

#### ANUNCIO

Non sendo posible practicar a notificación no domicilio dos interesados, e de acordo co establecido no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, faise público o seguinte:

“Exp. Nº 7/2011

DECRETO DE ALCALDIA

DON RAMÓN VIGO SAMBADE

En Cee a 16 de maio de 2011.

Vista a acta de comprobación de terreo número 9 de 2011 emitida pola Policía Local do Concello de Cee, con rexistro de entrada de data 9 de maio de 2011, r.e nº 1473 conforme a cal:

“Os axentes da Policía Local de Cee con NIPs num. 071004

FAN CONSTAR: que personados ás 12:00 horas do día 7 de maio de 2011 na finca, fóra do monte, sita en: Raices de abaixo nº 49, propiedade de Ramón e Dolores Canosa Castro e con enderezo a efectos de escritos e notificacións en (...), logo do requirimento de Dona Manuela Cambeiro Trillo, con DNI...e domicilio en..., de acordo co disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, comprobalo cumprimento das disposicións vixentes sobre limpeza de terreos e medidas relativas a prevención de incendios forestais e protección do medio rural, verifican a oportuna inspección, da que resulta:

- 1.- ¿A biomasa vexetal se atopa xestionada nunha distancia de 50 m.? NON
- 2.-¿Existen especies arboreas das incluídas na Disposición Adicional Terceira da Lei 3/2007 nunha distancia de 50 metros que constitúan risco de incendio?

#### OBSERVACIÓNS:

A finca atópase chea de maleza, ademais de loureiros e carballos.

Vistos os artigos 21, 22 e 23 da Lei 3/2007 de 9 de abril de prevención e defensa contra incendios forestais.

Esta alcaldía en funcións e en uso das atribucións que lle confire ó ordenamento xurídico:

#### RESOLVE:

1º.- Ordenar a Don/a Ramón e Dolores Canosa Castro e con enderezo a efectos de escritos e notificacións en (...) para que proceda a xestión da biomasa e tala de árbores, nun prazo máximo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte a recibir a presente notificación, advertíndolle que en caso contrario procederase a execución subsidiaria polos servizos municipais.

2º.- Conceder un prazo de audiencia de 10 días, a contar do día seguinte á recepción da notificación da presente resolución, poñéndolle de manifesto o expediente, para que alegue e presente os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

3º.- Notificar a presente resolución a facéndolle saber que a presente resolución non esgota a vía administrativa por tratarse dun acto de trámite e que contra a mesma non procede interpoñer recurso algún, sen perxuízo do disposto no art.107.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

Mándao e asina o Alcalde, ante min Secretaria aos únicos efectos de fe pública e recoñecemento de firma. O alcalde, asdo. A secretaria, asdo.”

Cee, 4 de xullo de 2011.

O alcalde

Ramón Vigo Sambade

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Concellaría de Rehabilitación Urbana e Vivenda

*Notificación relativa ao expediente número 106/169/2008*

#### ANUNCIO

**Notificación relativa ao expediente n° 106/169/2008 de conservación e rehabilitación do inmovible sito na rúa Real, 29 (A Coruña).**

Intentada sen efecto a notificación que a continuación se relaciona, de acordo co establecido no art. 59.5 da Lei 30/1992 reguladora do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, procédese á súa práctica mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, o que se fai público para coñecemento dos interesados:

Polo Concelleiro responsable de Rehabilitación Urbana e Vivenda, con data 1 de abril de 2011, ditouse o seguinte Decreto:

“Visto o informe da Xefa do Departamento de Vivenda que antecede ao presente Decreto e en uso das facultades que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e de acordo coa delegación realizada a xeito de Decreto con data de 21 de xuño de 2007,

#### DISPOÑO

Ter por cumpridas al ordes de execución dadas na tramitación do expediente de conservación e rehabilitación de Real 29 e arquivar o expediente de deficiencias incoado 106/169/2008.

A Coruña, 1 de abril de 2011

O ALCALDE, RD.

O CONCELLEIRO RESPONSABLE DE REHABILITACIÓN URBANA E VIVENDA

Asdo.: Mario López Rico (asinado)”

Contra o referido Decreto, que é firme en vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte aquel en que se practique a notificación (art. 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa do 13 de xullo de 1998).

Se ben, previamente cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante o propio órgano que ditou o acto ou acordo no prazo de un mes, en cuxo caso o prazo para a presentación do recurso contencioso-administrativo empezará a contarse dende a notificación da resolución desestimatoria, se fose expresa ou despois da súa desestimación tácita, que se producirá se no prazo dun mes non se resolve o recurso de reposición interposto.

Non obstante poderá interpoñer calquera outro recurso que considere procedente.

A Coruña, a 16 de xuño de 2011.

O ALCALDE, RD.

O TENENTE DE ALCALDE RESPONSABLE DE AREA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUTURAS E TERRITORIO

Asdo. Martín Fernández Prado

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Concellaría de Rehabilitación Urbana e Vivenda

*Notificación relativa ao expediente número 106/304/2008*

#### ANUNCIO

**Notificación relativa ao expediente n° 106/304/2008 de conservación e rehabilitación do inmoble sito na rúa Orzán, 89 (A Coruña).**

Intentada sen efecto a notificación que a continuación se relaciona, de acordo co establecido no art. 59.5 da Lei 30/1992 reguladora do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, procédese á súa práctica mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, o que se fai público para coñecemento dos interesados:

Polo Concelleiro responsable de Rehabilitación Urbana e Vivenda, con data 4 de abril de 2011, ditouse o seguinte Decreto:

“Visto o informe da Xefa do Departamento de Vivenda que antecede ao presente Decreto e en uso das facultades que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e de acordo coa delegación realizada a xeito de Decreto con data de 21 de xuño de 2007,

#### DISPOÑO

Ter por cumpridas as ordes de execución dadas na tramitación do expediente de conservación e rehabilitación de Orzán 89 e arquivar o expediente de deficiencias incoado 106/304/2008.

A Coruña, 4 de abril de 2011

O ALCALDE, RD.

O CONCELLEIRO RESPONSABLE DE REHABILITACIÓN URBANA E VIVENDA

Asdo.: Mario López Rico (asinado)”

Contra o referido Decreto, que é firme en vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte aquel en que se practique a notificación (art. 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa do 13 de xullo de 1998).

Se ben, previamente cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante o propio órgano que ditou o acto ou acordo no prazo de un mes, en cuxo caso o prazo para a presentación do recurso contencioso-administrativo empezará a contarse dende a notificación da resolución desestimatoria, se fose expresa ou despois da súa desestimación tácita, que se producirá se no prazo dun mes non se resolve o recurso de reposición interposto.

Non obstante poderá interpoñer calquera outro recurso que considere procedente.

A Coruña, a 16 de xuño de 2011.

O ALCALDE, RD.

O TENENTE DE ALCALDE RESPONSABLE DE AREA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUTURAS E TERRITORIO

Asdo. Martín Fernández Prado



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Instituto Municipal A Coruña Espectáculos

*Anuncio delegación de precios de entrada a espectáculos gestionados por el IMCE*

El Consejo Rector del Instituto Municipal Coruña Espectáculos (en adelante, IMCE) en fecha 29 de junio de 2011, adoptó el siguiente acuerdo:

“**PRIMERO.**- Delegar en la Vicepresidenta del Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), D<sup>a</sup>. Ana María Fernández Gómez, el establecimiento de precios a exigir por la entrada a espectáculos teatrales, musicales, cinematográficos u otras manifestaciones culturales o formativas que lleve a cabo el IMCE en lo que respecta a los expedientes de su competencia.

**SEGUNDO.**- Publicar este acuerdo en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña.”

A Coruña, 30 de junio de 2011.

La técnico de Administración del IMCE

Ana María Canosa Camiselle

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CULLEREDO

##### Urbanismo

*Distribución e venda de produtos de maquinaria e hixiene industrial*

##### EDICTO

Darlim S.L. solicitou unha licenza municipal para a instalación e apertura dunha “distribución e venda de produtos de maquinaria de hixiene industrial” na nave 8 da rúa “I” do Polígono Industrial de Alvedro da parroquia de Almeiras. O expediente sométese á información pública durante un prazo de 20 días, segundo o que establece o artigo 8.3 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, co fin de que os afectados pola actividade que se pretende instalar poidan examinalo na secretaría do concello e formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Culleredo, 30 de xuño de 2011.

O concelleiro delegado da Área de Urbanismo

Asdo.: Diego Antonio Taibo Monelos

P.D. (Resolución: 22.06.2011)

2011/9256

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CULLEREDO

##### Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes

*Anuncio áreas*

#### ANUNCIO

##### Creación de áreas de goberno local

Por resolución de data 22 de xuño de 2011 a Alcaldía – Presidencia adoptou o acordo cuxa parte dispositiva di:

**Primeiro.-** Crear as seguintes áreas de goberno local, que poderán ser obxecto dunha delegación específica nos termos do artigo 43.3 do ROF, e que comprenden os correspondentes sectores de actividade:

##### 1. Área de Presidencia

Á Área de Presidencia correspóndelle a coordinación das diferentes áreas municipais, a I, a política de comunicación e relacións institucionais, a xestión das políticas de calidade do Concello, prensa, protocolo . Incorpora esta área o control da xestión, a xestión do catastro, a xestión do Conservatorio municipal de música .

Ocúpase esta área da xestión económica do Concello, seguimento e control dos orzamentos, xestión económica e financeira da Administración, seguimento e control de inversións, preparación dos orzamentos, xestión de pagamentos e cobramentos, xestión tributaria e de recadación, política fiscal, preparación de ordenanzas fiscais.

A esta área correspóndelle tamén a xestión patrimonial do Concello, inventario de bens, dereitos e obrigas, administración e defensa do patrimonio municipal, adquisición de bens por expropiación forzosa, agás nos casos das expropiacións urbanísticas.

No eido da contratación esta área asume a xestión dos procedementos de contratación do Concello.

Asígnase a esta área a xestión das políticas municipais de transportes e telecomunicacións.

Correspóndelle tamén a esta área todas aquelas materias non asignadas expresamente a outra área de goberno.

##### 2. Área de benestar e dinamización local

Esta área xestiona as políticas municipais de prestación de servizos asistenciais ós cidadáns, de atención ás situacións de marxinación e exclusión social, medidas de integración social, políticas de inmigración, muller e atención á terceira idade e á infancia, e políticas de igualdade.

Nos campos de sanidade intégranse nesta área as políticas municipais de protección da salubridade pública, información e defensa de consumidores e usuarios, xestión das competencias municipais en materia de consumo, cemiterios e servizos funerarios.

No eido da dinamización local, correspóndelle a esta área a xestión de políticas municipais en materia de turismo e promoción dos valores turísticos do Concello, agricultura, gandería e montes, mercados , ferias, eventos e festas.

##### 3. Área de Administración Local, Cultura e participación Cidadá

A esta área correspóndelle, a xestión de persoal, os aspectos relativos á organización do Concello e ós métodos de traballo, a coordinación do funcionamento da Administración municipal, a axilización da tramitación de procedementos , a política de información ó cidadán , a radio municipal.

Correspóndelle tamén o impulso e difusión do uso das tecnoloxías da información e o coñecemento no funcionamento da Administración, así como a xestión da seguridade cidadá, control e ordenación do tráfico en vías urbanas, protección civil , Policía Local ,mobilidade, e as autorizacións para ocupacións de vía pública.

No eido da participación cidadá e deportes, correspóndelle a xestión das políticas municipais de participación cidadá e deportes, programación e infraestruturas deportivas e culturais.

No eido da educación xestiona as políticas municipais de educación, agás a xestión do Conservatorio municipal de música, que corresponde á área da Alcaldía, . cultura, patrimonio histórico- artístico, museos e exposicións de acordo coas competencias legalmente atribuídas ós Concellos, e a utilización dos equipamentos educativos de competencia municipal.

#### 4. Área de urbanismo.

Esta área comprende a xestión das competencias municipais sobre a ordenación do territorio e o urbanismo, cuestións relativas a plans e instrumentos de ordenación urbanística, xestión urbanística, concesión de licencias urbanísticas e de actividades, disciplina urbanística, expropiacións por razóns de urbanismo, redacción de instrumentos de ordenación urbanística.

#### 5. Área de medio ambiente , servizos e obras

Esta área xestiona os servizos básicos municipais, ciclo da auga, recollida de residuos, limpeza de vías públicas, alumeadado público. Inclúese o mantemento de vías públicas e infraestruturas urbanas (mobiliario urbano, redes de servizos...), a inspección e control de servizos públicos que se prestan a través de terceiros, o mantemento e conservación de parques, xardíns e zonas verdes, así como o mantemento de edificios e instalacións municipais, a xestión da utilización da vía pública , as autorizacións relativas á posesión de animais potencialmente perigosos.

No eido do medio ambiente correspóndelle a xestión das políticas municipais de medio ambiente.

Asemade correspóndelle a planificación das obras municipais, a preparación dos plans de obras e a aprobación de proxectos de obras de nova planta.

#### 6. Área de promoción económica, formación e emprego

Esta área xestiona as políticas de formación ,inserción laboral e emprego, a xestión das escolas obradorios e os plans de formación con organismos públicos e empresas, e as xestións dos programas de voluntariado e cooperación.

Nos campos de promoción económica intégrase as políticas públicas tendentes á dinamización e potenciación da vida económica local, o deseño de plans estratéxicos de desenvolvemento económico, a planificación económica, a fixación de obxectivos para a promoción de actividades económicas no Concello, as relacións cos axentes sociais na procura de políticas integrais de desenvolvemento e o fomento de actividades económicas a través da cooperación pública en plans e en xeral aquelas políticas públicas que propugnen e incentiven o desenvolvemento de sectores productivos e de actividades económicas para un desenvolvemento axeitado da vida económica do municipio. As políticas de formación e de promoción do emprego na súa dobre vertente de autoemprego e emprego por conta allea, serán pezas clave na política de benestar e desenvolvemento local de cara a conseguir a mellor inserción laboral dos /as veciños/as.

Correspóndelle a esta área a xestión de políticas municipais en materia de industria e comercio, e as relacións coas asociacións de empresarios e comerciantes.

Asígnanse tamén a este área ás políticas municipais de mocidade.

**Segundo.-** Corresponderá á Alcaldía, a través da Área de Presidencia, a coordinación do funcionamento das áreas municipais, así como a resolución das cuestións que xurdan en torno á adscrición a unha área determinada dunha concreta materia.”

Culleredo, 4 de xullo de 2011.

O ALCALDE

Asdo.: Julio Sacristán de Diego

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CULLEREDO

##### Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes

*Anuncio asignación grupos*

#### ANUNCIO

O Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada en data 27 de xuño de 2011 adoptou, entr outros, acordo relativo a asignación económica a grupos políticos municipais, cuxa parte dispositiva di:

**Primeiro.-** Determinar que a dotación económica para os Grupos políticos municipais, en consonancia có establecido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 d abril, reguladora das bases do réxime local, constará dun componente fixo (grupo político) e outro variable( por cada Concelleiro/a que integra o grupo) segundo o seguinte detalle:

Por cada grupo político: 1000 euros/ano

Por cada Concelleiro/a que integra o grupo político: 200 euros/ano

**Segundo.-** Os efectos económicos do presente acordo se producirán a partires do día da adopción polo Pleno do presente acordo.

**Terceiro.-** As cantidades sinaladas como dotación a percibir polos diferentes grupos políticos municipais non poderán destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servicio da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial. Os distintos grupos municipais levarán unha contabilidade específica da dotación asignada, na forma que determine a Intervención de fondos municipal, que porán a disposición inmediata do pleno da Corporación sempre que este o solicite”.

Culleredo,4 de xullo de 2011.

O ALCALDE

Asdo.: Julio Sacristán de Diego

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CULLEREDO

##### Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes

*Anuncio dedicaciones*

#### ANUNCIO

O Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada en data 27 de xuño de 2011 adoptou, entre outros, acordo relativo á aprobación da dedicación exclusiva e parcial dos cargos da Corporación que se indican ,cuxa parte dispositiva dí:

“**Primeiro.-** Aprobar a dedicación exclusiva , en réxime de xornada completa, dos seguintes cargos da Corporación, coas retribucións que se indican e a correspondente alta na Seguridade Social :

- Alcalde-Presidente: percibirá as retribucións que corresponde ós funcionarios deste Concello do Grupo A1: nivel Complemento de destino: 30. Complemento específico: 442 puntos(valor punto: 60,74 €).

- Concelleira delegada da Área de Benestar e Dinamización Local: percibirá as retribucións que correspondan aos funcionarios deste Concello do grupo A2: Nivel de Complemento de destino 26. Complemento específico: 195 puntos( valor punto: 60,74 €).

- Concelleira delegada da Área de Administración Local, cultura e participación cidadá:percibirá as retribucións que correspondan aos funcionarios deste Concello do grupo A2: Nivel de Complemento de destino 26. Complemento específico: 195 puntos(valor punto: 60,74 €).

- Concelleiro delegado dos servizos de dinamización local: percibirá as retribucións que correspondan aos funcionarios deste Concello do grupo A2: Nivel de Complemento de destino 26. Complemento específico: 195 puntos(valor punto: 60,74 €).

**Segundo.-** Aprobar a dedicación parcial, en réxime de media xornada (dedicación mínima 5 horas diarias de luns a sábado)dos seguintes cargos da Corporación , coas retribucións que se indican e a correspondente alta na Seguridade Social:

- Concelleiro delegado dos servizos de participación cidadá e deportes: percibirá o 50% das retribucións que correspondan aos funcionarios deste Concello do Grupo A2: Nivel de Complemento de destino 26. Complemento específico: 195 puntos (valor punto: 60,74 €).

- Concelleira delegada dos servizos de educación: percibirá o 50% das retribucións que correspondan aos funcionarios deste Concello do Grupo A2: Nivel de Complemento de destino 26. Complemento específico: 195 puntos( valor punto: 60,74 €).

**Terceiro.-** A contía das retribucións fixadas nos apartados anteriores será actualizada cada 1 de xaneiro, sen necesidade de acordo plenario adicional, dacordo co que sinala a Lei de presupostos xerais do Estado para todo o persoal ó servizo do sector público.

**Cuarto.-** De conformidade co disposto no artigo 14 parágrafo 4 do Regulamento orgánico municipal, declarar expresamente a compatibilidade do Concelleiro Don Bernardo Manuel Peiteado Rey, delegado dos servizos de participación cidadá e deportes co desenvolvemento de traballo remunerado por conta allea.

**Quinto-** Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboeiro de anuncios do Concello, aos efectos do disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril.”

Culleredo 4 de xullo de 2011.

O ALCALDE

Asdo.: Julio Sacristán de Diego

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CULLEREDO

##### Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes

*Anuncio delegaciones Alcaldía*

#### ANUNCIO

Delegación de atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local

Por resolución de data 22 de xuño de 2011 a Alcaldía – Presidencia adoptou o acordo cuxa parte dispositiva di:

“**Primeiro.-** Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

1.- As aprobacións dos instrumentos de desenvolvemento do planeamento xeral que non estean expresamente atribuídas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

2.- Aproba-la oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno, aproba-las bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.

**Segundo.-** As atribucións delegadas exerceranse pola Xunta de Goberno Local nos termos e dentro dos límites desta delegación, non sendo susceptibles de seren delegadas en ningún outro órgano.

**Terceiro.-** Comunicar esta resolución a tódolos/as concelleiros/as afectados e ós xefes dos diferentes servicios municipais para o seu coñecemento e efecto.

**Cuarto.-** Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto no art. 44.2 do RD 2568/86, do 28 de novembro.”.

Culleredo, 4 de xullo de 2011.

O ALCALDE

Asdo.: Julio Sacristán de Diego

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CULLEREDO

##### Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes

*Anuncio delegaciones especiales*

#### ANUNCIO

##### Delegacións especiais da Alcaldía-Presidencia

Por resolución de data 22 de xuño de 2011 a Alcaldía – Presidencia adoptou o acordo cuxa parte dispositiva di:

“**Primeiro.-** Conferir a favor dos/as concelleiros/as que se citan as seguintes delegacións especiais, ao abeiro do que dispón o artigo 43.4 e 43.5 do ROF:

A.- Conferir a delegación especial dos servizos de participación cidadá e deportes( integrados dentro da área de Administración Local, cultura e participación cidadá): favor do Concelleiro Don Bernardo Manuel Peiteado Rey.

B.- Conferir a delegación especial do servizo de educación ( integrado na área de Administración Local, cultura e participación cidadá) a favor da Concelleira Dona María del Carmen Varela Corbelle

C.- Conferir a delegación especial do servizo de persoal ( integrado na área de Administración Local, cultura e participación cidadá) a favor da quinta tenente de Alcalde, Dona Marta María Figueroa Fuentes.

C.- Conferir a delegación especial dos servizos de dinamización local ( integrados dentro da área de benestar e dinamización local) a favor do Concelleiro Don Manuel Isidro Taibo Gago.

D.- Conferir a delegación especial do servizo de sanidade e muller( integrado dentro da área de benestar e dinamización local) a favor da sétima tenente de Alcalde, Dona María Rocío Sampedro Díaz.

**Segundo.-** As delegacións especiais efectuadas no apartado anterior, enténdense conferidas como delegacións da dirección interna dos servizos , pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O/A Concelleiro/a que ostente a delegación xenérica da área á que pertence o servizo, terá a facultade de supervisa-la actuación dos/as Concelleiros/as con delegacións especiais.

**Terceiro.-** A presente resolución será efectiva dende o día seguinte ó da súa sinatura e será publicada no Boletín oficial da provincia de A Coruña, en cumprimento do que dispoñen os artigos 44 e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro. Así mesmo, esta resolución será notificada ós/ás interesados/as, facéndolles saber que, de acordo co que dispón o artigo 114 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a delegación entenderase aceptada tácitamente se no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación non realizan ningunha manifestación expresa no senso contrario ante o órgano delegante.”

Culleredo, 4 de xullo de 2011.

O ALCALDE

Asdo.: Julio Sacristán de Diego



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CULLEREDO

##### Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes

*Anuncio delegaciones generales*

#### ANUNCIO

##### Delegacións xenéricas

Por resolución de data 22 de xuño de 2011 a Alcaldía – Presidencia adoptou o acordo cuxa parte dispositiva di:

“**Primeiro.-** Efectuar a favor dos Sres/as Concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local e Tenentes de Alcalde as seguintes delegacións xenéricas correspondentes ás áreas que se relacionan:

I.- Dona Raquel Jabares Fernández, Primeira Tenente de Alcalde.- Delégase nesta Concelleira a dirección política da área de benestar e dinamización local, así como o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de dictar actos administrativos que afecten a terceiros:

##### A) De xeito xenérico:

a) Tódalas competencias atribuídas á alcaldía e comprendidas dentro da área de goberno citada que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que queden expresamente reservadas á alcaldía ou atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese expresamente a facultade de dicta-las resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos dictados en uso da delegación conferida.

b) A resolución das peticións de acceso á información en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas que acrediten un interese lexítimo ou directo.

c) A sinatura de propostas dirixidas á alcaldía, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.

d) O exercicio da potestade sancionadora nas materias comprendidas dentro da área de goberno.

##### B) En materia de benestar:

a) A resolución dos procedementos de solicitudes de prestacións sociais.

b) A resolución das solicitudes de tarxetas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida.

c) A resolución das solicitudes de subvencións e axudas a particulares en materias incluídas dentro do ámbito da delegación, de acordo co que dispoñan as normas en vigor e as bases de execución do orzamento. Neste caso, a facultade de concesión de subvencións e axudas leva engadida a de aproba-lo gasto correspondente.

##### C) En materia de dinamización local:

a) As autorizacións para a celebración de espectáculos públicos na vía pública, incluída a ocupación da mesma.

b) A autorización da celebración de festas locais, incluída a autorización para a ocupación da vía pública con casetas, palcos e atraccións de feiras.

c) As autorizacións para o exercicio da venda ambulante

II.- Dona María Alicia Ferreiro Varela, Segunda Tenente de Alcalde. Delégase nesta Concelleira a dirección política da área de Administración local, cultura e participación cidadá, así como o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de dictar actos administrativos que afecten a terceiros:

##### A) De xeito xenérico:

a) Tódalas competencias atribuídas á alcaldía e comprendidas dentro da área de goberno citada que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que queden expresamente reservadas á alcaldía ou atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese expresamente a facultade de dicta-las resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos dictados en uso da delegación conferida.

b) A resolución das peticións de acceso á información en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas que acrediten un interese lexítimo ou directo.

c) A sinatura de propostas dirixidas á alcaldía, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.

d) O exercicio da potestade sancionadora nas materias incluídas na área da delegación, agás en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial que se reserva á Alcaldía.

**B) En materia de persoal:**

a) O exercicio das atribucións que correspondan nos procedementos de selección de personal funcionario, de carreira ou interino, e laboral, permanente ou temporal non delegadas por esta Alcaldía noutros órganos de goberno.

b) O exercicio das atribucións que correspondan nos concursos de provisión de postos de traballo do Concello (temporais ou definitivos) non delegados noutros órganos de goberno, agás os relativos a funcionarios de administración local con habilitación de carácter estatal, así como dos procedementos de provisión de postos de traballo do Concello mediante libre designación.

c) A distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas nin periódicas, referidas unicamente a gratificacións individuais, horas extraordinarias, quilometraxe do persoal, indemnizacións, dietas por asistencias a tribunais ou comisións de selección, asistencias a sesións de órganos colexiados de goberno, comisións informativas, comisión especial de contas, mesa de contratación, xunta de voceiros polos membros da Corporación.

d) Resolver, autorizar, dispoñer o gasto, recoñecer a obriga e a ordenación do pagamento da nómina do persoal do Concello.

e) A resolución das solicitudes de permisos, vacacións e licenzas do persoal, agás as relativas aos/ás funcionarios de Administración local con habilitación de carácter estatal, que corresponderán á Alcaldía.

f) As resolucións relativas ás situacións administrativas do persoal, así como as referentes a recoñecemento de servizos previos, de consolidación de grao persoal, e trienios, agás nos casos de funcionarios de administración local con habilitación de carácter estatal, que corresponderá á Alcaldía.

g) A concesión de anticipos ao persoal.

h) O nomeamento de persoal funcionario, de carreira e interino, agás polo que respecta aos nombramentos accidentais para suplir ausencias dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, que se reservan á Alcaldía.

i) A formalización dos contratos do persoal laboral, así como as súas prórrogas.

j) Instruír e resolver os procedementos sancionadores en materia disciplinaria do persoal funcionario ou laboral do Concello.

k) As resolucións sobre materias de acción social.

l) A sinatura dos certificados de servizos previos do persoal ao servizo do Concello.

**C) En materia de seguridade cidadá e protección civil:**

a) Exerce-la xefatura da Policía Local, sen prexuízo da Xefatura Superior de todo o persoal que corresponde ao Alcalde.

b) Aprobar as quendas de traballo da Policía Local.

c) O outorgamento de licenzas para o uso especial da vía pública.

III.- Don Diego Antonio Taibo Monelos, Terceiro Tenente de Alcalde. Delégase neste Concelleiro a dirección política da área de Urbanismo, así como o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de dictar actos administrativos que afecten a terceiros:

a) De xeito xenérico tódalas competencias atribuídas ao alcalde e comprendidas dentro da área de goberno que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que estean expresamente atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese expresamente a facultade de dita-las resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos dictados en uso da delegación conferida.

b) A resolución das peticións de información nos procedementos en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, que presenten interesados no procedemento ou terceiras persoas que acrediten un interese lexítimo e directo.

c) O exercicio da potestade sancionadora nas materias comprendidas dentro da área de goberno.

d) A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, Pleno ou Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.

e) Outorgamento e denegación de licenzas urbanísticas en uso das competencias municipais de intervención no uso e edificación do solo, de acordo co disposto pola Lei 9/2002, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, prórrogas de licenzas, cambios de titularidade, declaracións de caducidade e resolución de cantos incidentes se produzan nos expedientes de obras maiores, menores, usos, parcelacións, de primeira ocupación ou calquera outra actuación relacionada co previsto no artigo 194 da Lei 9/2002, sobre intervención na edificación e uso do solo.

f) A concesión de licenzas para o exercicio de actividades.

g) Dictar ordes de execución en relación ao deber de conservación, uso e rehabilitación regulados no artigo 9 e 199 da Lei 9/2002.

h) Dictar actos de trámite e resolución de expedientes de declaración de ruína .

i) Dictar actos de trámite e actos definitivos en materia de protección e reposición da legalidade urbanística, incluída a adopción de medidas cautelares, a imposición de multas coercitivas ou outros medios de execución subsidiaria.

j) A aprobación dos proxectos de urbanización

k) Autorizar a devolución de de garantías prestadas para garanti-las obrigas de urbanizar.

l) As atribucións conferidas ao Alcalde nos procedementos de expropiación por razóns urbanísticas.

ll) A concesión de subvencións a particulares en materias incluídas dentro do seu ámbito de delegación, de acordo co que dispoñan as normas en vigor e as bases de execución do orzamento. Neste caso, a facultade de concesión de subvencións leva engadida a de aproba-lo gasto correspondente.

m) O exercicio da potestade sancionadora en materia urbanística, de acordo coa súa normativa específica.

IV.- Don Narciso Marzoa Martínez, Cuarto Tenete de Alcalde.-Delégase neste Concelleiro a dirección política da área de servizos municipais e medio ambiente, así como o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de dictar actos administrativos que afecten a terceiros:

a) De xeito xenérico tódalas competencias atribuídas ao alcalde e comprendidas dentro da área de goberno que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que estean expresamente atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese expresamente a facultade de dita-las resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos dictados en uso da delegación conferida.

b) A resolución das peticións de información nos procedementos en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas que acrediten un interés lexítimo e directo.

c) O exercicio da potestade sancionadora nas materias comprendidas dentro da área de goberno.

d) A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, Pleno ou Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.

e) A aprobación dos proxectos de obras municipais.

f) A concesión de licenzas para a posesión de animais potencialmente perigosos.

g) O exercicio da potestade sancionadora nas materias incluídas na área de delegación.

V.- Dona Marta María Iglesias Becerra, sexta Tenente de Alcalde.-Delégase neste Concelleira a dirección política da área de promoción económica, formación e emprego, así como o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de dictar actos administrativos que afecten a terceiros:

a) De xeito xenérico tódalas competencias atribuídas ao alcalde e comprendidas dentro da área de goberno que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que estean expresamente atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese expresamente a facultade de dita-las resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos dictados en uso da delegación conferida.

b) A resolución das peticións de información nos procedementos en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas que acrediten un interés lexítimo e directo.

c) O exercicio da potestade sancionadora nas materias comprendidas dentro da área de goberno.

d) A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, Pleno ou Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.

**Segundo.-** A Alcaldía asumirá directamente a dirección da área de Presidencia e o exercicio das competencias relacionadas coas materias atribuídas á devandita área, así como a aprobación e formalización dos convenios de todo tipo que o Concello asine con particulares ou con outras administracións públicas, e que polo seu obxecto sexan competencia do

alcalde, a resolución das reclamacións previas á vía civil e laboral reguladas nos artigos 120 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, a resolución das reclamacións de responsabilidade patrimonial dirixidas ao Concello, a resolución das peticións de acceso á información presentadas polos membros da Corporación, as resolucións de creación, modificación e supresión de ficheiros de carácter persoal, consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, os procedementos de exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación recoñecidos pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, a resolución dos procedementos de inscrición de asociacións no rexistro municipal de asociacións, o exercicio da potestade sancionadora en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, os procedementos de alta, baixa no rexistro municipal de unións de feito do Concello, os procedementos de alta, baixa e variación no padrón municipal de habitantes, a sinatura do visto e prace dos certificados, transporte público en vehículos de clase A) ou autoturismos, servizos de asesoría xurídica, a distribución do complemento de produtividade ao persoal funcionario e laboral e en xeral, e de xeito residual, aquelas funcións atribuídas á Alcaldía pola normativa vixente que non estean asignadas a unha concreta área de goberno.

**Terceiro.-** As delegacións xenéricas acordadas no apartado primeiro da presente resolución suxeitaránse ó seguinte réxime xurídico:

a) Os actos que o órgano delegado dite no exercicio das atribucións que se lle delegaron enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo a este, en consecuencia a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse.

b) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nas resolucións que se diten, en conformidade co que dispón o artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

c) O órgano delegante conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións que emanen en virtude da delegación, e debe ser informado con anterioridade á adopción de decisións de trascendencia, de acordo co disposto no artigo 115 do ROF.

d) A Alcaldía poderá revogar en calquera momento as delegacións que se efectúen seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.

e) A Alcaldía poderá avogar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado de acordo co que dispón o artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

f) Corresponderá á Alcaldía resolver as posibles dúbidas que se formulen en relación coa aplicación desta resolución, así como os conflitos positivos ou negativos de competencias que poidan xurdir entre os órganos delegados en relación co exercicio dunha concreta función.

**Cuarto.-** Esta resolución será efectiva desde o día seguinte ao da súa sinatura, e será publicada no Boletín oficial da provincia da Coruña en cumprimento do que dispoñen os artigos 44 e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro. Asemade, esta resolución será notificada aos/ás interesados/as para a súa aceptación, facéndolles saber que, de acordo co que dispón o artigo 114 do Real decreto 2568/1986, a delegación entenderase aceptada tácitamente se no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación non realizan ningunha manifestación expresa no senso contrario ante o órgano delegante."

Culleredo, 4 de xullo de 2011.

O ALCALDE

Asdo.: Julio Sacristán de Diego

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CULLEREDO

##### Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes

*Anuncio delegaciones pleno*

#### ANUNCIO

O Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada en data 27 de xuño de 2011 adoptou, entre outros, acordo de delegación de atribucións do Pleno na Xunta de Goberno Local, cuxa parte dispositiva di:

“**Primeiro.-** Delegar na Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

a) A declaración de lesividade dos actos do Concello.

b) A concertación das operacións de crédito que teñan unha contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, que exceda do 10% dos recursos ordinarios do orzamento -excepto as de Tesouraría, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15% dos ingresos correntes que se liquidaron no exercicio anterior- todo isto de conformidade co disposto no Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

c) As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, os 6 millóns de euros, así como os contratos e concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe que se indica, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía que se sinala nesta letra.

d) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

**Segundo.-**As delegacións que se acordaron nos apartados anteriores suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:

a) Os actos que o órgano delegado dite no exercicio das atribucións que se lle delegaron enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo a este, en consecuencia a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse.

b) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nas resolucións que se ditén, en conformidade co que dispón o artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

c) O órgano delegante conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións que emanen en virtude da delegación, e debe ser informado con anterioridade á adopción de decisións de trascendencia, de acordo co disposto no artigo 115 do ROF.

d) O Concello Pleno poderá revogar en calquera momento as delegacións que se efectúen seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.

e) O Concello Pleno poderá avogar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado de acordo co que dispón o artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

**Terceiro.-** Este acordo adquire efectos desde o día seguinte ao da súa adopción e será publicada no Boletín Oficial da provincia da Coruña, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro. Así mesmo, esta resolución será notificada ás persoas interesadas para a súa aceptación, facéndolles saber que, de acordo co que dispón o artigo 114 do ROF, a delegación entenderase aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles contados desde a notificación non realizan ningunha manifestación expresa no sentido contrario ante o órgano delegante.”

Culleredo, 4 de xullo de 2011.

O ALCALDE

Asdo.: Julio Sacristán de Diego

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CULLEREDO

##### Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes

*Anuncio indemnización asistencias*

#### ANUNCIO

O Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada en data 27 de xuño de 2011 adoptou, entre outros, acordo relativo á indemnizacións por asistencias dos/as Concelleiros/as ás sesións de órganos colexiados, cuxa parte dispositiva di:

“**Primeiro.-** Determinar o importe das retribucións por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados municipais que se indican, que percibirán os membros da Corporación que non teñan asignada dedicación exclusiva ou parcial:

ÓRGANO COLEXIADO	IMPORTE
Por asistencia a cada sesión do Concello Pleno:	200 euros
Por asistencia a cada sesión da Xunta de voceiros:	200 euros
Por asistencia a cada sesión da Xunta de Goberno Local:	250 euros
Por asistencia a cada sesión das Comisións Informativas:	130 euros

Para a aplicación do presente acordo, teranse en conta as seguintes consideracións:

1) Computaranse as asistencias a tódalas sesións celebradas do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións informativas, e Xunta de voceiros, sexan ordinarias ou extraordinarias.

2) A asistencia a varias sesións dos órganos anteriormente citados no mesmo día computarase como unha soa asistencia, percibíndose en este caso só a correspondente a de maior contía.

**Segundo.-** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.”.

Culleredo, 4 de xullo de 2011.

O ALCALDE

Asdo.: Julio Sacristán de Diego

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CULLEREDO

##### Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes

*Anuncio mesa contratación*

#### ANUNCIO

O Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada en data 27 de xuño de 2011 adoptou, entre outros, acordo relativo á composición da mesa xeral de contratación, cuxa parte dispositiva di:

“**Primeiro.**- A Mesa Xeral de Contratación estará integrada por:

1. Presidente: o Sr. Alcalde.
2. Vicepresidente: D. Diego Antonio Taibo Monelos.
3. Vogais:

Un concelleiro designado polo grupo municipal do PP

Un concelleiro designado polo grupo municipal de AP de C.

Un concelleiro designado polo grupo municipal do BNG.

O/A Secretario/a Xeral do Concello.

O/A Interventor/a do Concello.

D. Edmundo Varela Lema (suplente: D. Ricardo Cid Rey).

D. Roberto Babío Fernández (suplente: D. Francisco Varela Piñeiro).

4. Secretario/a da Mesa: D<sup>a</sup> María del Carmen Martínez Mosquera (suplente: D. Francisco Varela Piñeiro).

A designación dos membros que, en representación de cada grupo municipal deban formar parte da Mesa de contratación realizarase mediante escrito do seu voceiro dirixido ao Alcalde, do que se dará conta ao Pleno.

**Segundo.**- Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia.”

Culleredo, 4 de xullo de 2011.

O ALCALDE

Asdo.: Julio Sacristán de Diego

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CULLEREDO

##### Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes

*Anuncio membros xunta goberno local*

#### ANUNCIO

Nomeamentos de membros da Xunta de Goberno Local

Por resolución de data 22 de xuño de 2011 a Alcaldía – Presidencia adoptou o acordo cuxa parte dispositiva di:

“**Primeiro.**- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local aos/ás seguintes señores/as Concelleiros/as:

- Dona Raquel Jabares Fernández
- Dona María Alicia Ferreiro Varela
- Don Diego Antonio Taibo Monelos
- Don Narciso Marzoa Martínez
- Dona Marta María Figueroa Fuentes
- Dona Marta María Iglesias Becerra
- Dona María Rocío Sampedro Díaz

**Segundo.**- Notificar persoalmente ós designados a presente Resolución e ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro.**- Dar conta da presente Resolución ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.”.

Culleredo, 4 de xullo de 2011.

O ALCALDE

Asdo.: Julio Sacristán de Diego



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CULLEREDO

##### Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes

*Anuncio persoal eventual*

#### ANUNCIO

O Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada en data 27 de xuño de 2011 aopdtou, entre outros, o acordo relativo á determinación, número e características do persoal eventual, cuxa parte dispositiva di:

“Primeiro.- Aprobar a relación e creación dos postos de persoal eventual que exercerá funcións de confianza e asesoramento especial, coa denominación e retribucións que corresponden aos funcionarios deste Concello do grupo C1, cos complementos de destino e puntos ao obxecto de determinar o complemento específico que a seguir se indican:

NÚMERO POSTOS	DENOMINACIÓN	GRUPO	COMPLEMENTO DE DESTINO	PUNTOS COMPLEMENTO ESPECÍFICO
2	ASESOR	C1	20	85 puntos (valor punto: 60,74 €)

Segundo.- A contía das retribucións fixadas no apartado anterior será actualizada cada 1 de xaneiro, sen necesidade de acordo plenario adicional, dacordo co que sinala a Lei de presupostos xerais do Estado para todo o persoal ó servizo do sector público.”

Culleredo, 4 de xullo de 2011.

O ALCALDE

Asdo.: Julio Sacristán de Diego

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CULLEREDO

##### Secretaría Xeral. Padrón de Habitantes

*Anuncio de tenentes de alcalde*

#### ANUNCIO

##### Nomeamentos de tenentes de alcalde

Por resolución de data 22 de xuño de 2011 a Alcaldía-Presidencia adoptou o acordo cuxa parte dispositiva di:

“**Primeiro.**–Nomear tenentes de alcalde, e pola orde que de seguido se indica, aos/ás seguintes señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local:

Primeira tenente de alcalde: don Raquel Jabares Fernández.

Segunda tenente de alcalde: dona María Alicia Ferreiro Varela.

Terceiro tenente de alcalde: don Diego Antonio Taibo Monelos.

Cuarto tenente de alcalde: don Narciso Marzoa Martínez.

Quinta tenente de alcalde: dona Marta María Figueroa Fuentes.

Sexta tenente de alcalde: dona Marta María Iglesias Becerra.

Sétima tenente de alcalde: dona María Rocío Sampedro Díaz.

**Segundo.**–Corresponde ós nomeados substituírme, pola orde sinalada, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas funcións, así como desempeña-las funcións de alcalde nos supostos de vacante da Alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde.

**Terceiro.**–Da presente resolución darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos/ás designados/as e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ó da data, conforme establece o artigo 46.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.”

Culleredo, 4 de xullo de 2011.

O ALCALDE

Asdo.: Julio Sacristán de Diego

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CURTIS

*Anuncio organización municipal*

#### ORGANIZACIÓN MUNICIPAL

Por esta Alcaldía-Presidencia ditáronse as seguintes resolucións nas materias que se citan:

##### A) NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

Pola Alcaldía-Presidencia de conformidade co disposto nos artigos 21.2 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en concordancia co disposto nos artigos 62, 63 e 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, resolveuse:

1º.- Nomear Tenentes de Alcalde do Concello ós seguintes Concellerios:

- Primeiro tenente de alcalde: Antonio Ángel Fraga Sánchez
- Segundo tenente de alcalde: Pablo Brañas Ares
- Terceiro tenente de alcalde: Ana Isabel Mahía López

Os tenentes de alcalde nomeados, logo da aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto tales, substituír ó Alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, vacante, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

2º.- Notificar persoalmente a presente resolución ós designados, que se considerará aceptada tacitamente, agás manifestación expresa; e remitir o Decreto do nomeamento ó Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar o Decreto no Taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da sinatura desta resolución.

3º.- Dar conta ó Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que teña lugar.

##### B) DELEGACIÓN DE SINATURA A FAVOR DE CONCELEIROS.-

En virtude do disposto nos artigos 114 a 121 do Real Decreto 2568/1986, no artigo 23.3 da Lei 7/1985, no artigo 61.3 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e no artigo 16 da Lei 30/1992, e co obxecto de conseguir unha maior operatividade e fluidez no despacho e tramitación dos diversos expedientes administrativos.

Pola Alcaldía-Presidencia en virtude das atribucións que lle veñen conferidas pola vixente Lei, resolve:

1º.- Delegar nos Concelleiros Pablo Brañas Ares e Emilio Souto Iglesias a sinatura dos seguintes documentos: O visto e prace de calquera tipo de certificación emitida por Secretaría.

2º.- As delegacións antecedentes poden ser avocadas por esta Alcaldía en calquera momento de forma motivada seguindo o disposto no artigo 116 do Real Decreto 2.568/1986, e no artigo 14 da Lei 30/1992.

##### C) DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN A FAVOR DE CONCELEIROS.

Pola Alcaldía-Presidencia de conformidade coas atribucións conferidas en virtude do artigo 21.3, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en concordancia co disposto no apartado 3, do artigo 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e apartado 5 do artigo 68 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, resólvese:

Delegar as áreas de xestión que se sinalan, a favor dos Sres. Concelleiros que a continuación se relacionan:

a).-Área de Medio Ambiente e Promoción Industrial

Titular: Antonio Ángel Fraga Sánchez

b).- Área de Xuventude e Voluntariado

Titular: Nuria Sueiro Rocha

c).- Área de Urbanismo

Titular: Pablo Brañas Ares

d).- Área de Benestar Social, Cultura e Educación

Titular: Ana Isabel Mahía López

e).- Área de Medio Rural, Agricultura e Promoción Económica

Titular: Alfonso Gómez Cancelo

f).- Área de Deportes e Sanidade

Titular: José Barral López

g).- Área de Obras, Servizos Municipais e Protección Civil

Titular: Emilio Souto Iglesias

h).- Área derivada da Alcaldía : Réxime Interior, Facenda, Emprego e Igualdade

Corresponderalles ós Concelleiros delegados de área a inspección, dirección, impulsión e xestión en xeral dos correspondentes servizos, sen comprender a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

No non recollido nesta resolución as presentes delegacións rexeranse polo establecido nos artigos 120 e 121 do Real Decreto 2568/1986, e subsidiariamente polo disposto nos artigos 114 a 118, da mesma Norma.

#### **D) DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

Pola Alcaldía-Presidencia, de conformidade co disposto nos Artigos. 43.2 e 53.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en concordancia co artigo 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e coa excepción das atribucións mencionadas no art. 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, por esta Alcaldía, en virtude das atribucións que lle veñen conferidas pola vixente Lei, resólvese:

1º.- Delegar na Xunta de Goberno Local, as atribucións recollidas no artigo 21.1, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, salvo as de convocar e presidir as sesións do Pleno e da propia Xunta de Goberno Local, decidir os empates co voto de calidade, a concertación de operación de crédito, a xefatura superior de todo o persoal, a separación do servizo dos funcionarios e o despido do persoal laboral, e as enunciadas nos apartados a), e), j), k), l) e m) do apartado 1 do citado artigo 21. En ningún caso se entenden incluídas no ámbito da presente delegación as competencias que en materia de contratación administrativa atribúe á alcaldía o apartado 1 da Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

2º.- Excluir así mesmo do ámbito da delegación contida no apartado 1º a aprobación das distintas fases de execución orzamentaria do gasto (autorización, disposición e recoñecemento de obrigas) cando o seu importe non supere a contía de 3.000 euros.

3º.- Excluir do ámbito da delegación a competencia para o outorgamento de licencias de obra menor.

4º.- A Delegación de atribucións referida efectúase reservándose a Alcaldía a posibilidade de avocación expresa de calquera das atribucións por razóns de urxencia, dando conta á Xunta de Goberno Local a efectos de ratificación e sen prexuízo no seu caso da publicación que proceda.

5º.- No non recollido nesta resolución a presente delegación rexerase polo establecido nos artigos 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986.

#### **E) FIXACIÓN DE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DESIGNACIÓN DOS SEUS MEMBROS**

Pola Alcaldía-Presidencia deste Concello á vista do disposto no artigo 112.3, do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e no artigo 23.1, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, resolve:

1º.- A fixación das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local o primeiro e terceiro luns de cada mes, ás 17,00 horas.

2º.- A Xunta de Goberno Local estará integrada por:

- Javier Francisco Caínzos Vázquez (Presidente)

-Antonio Ángel Fraga Sánchez

-Pablo Brañas Ares

-Ana Isabel Mahía López

Curtis, 27 de xuño de 2011.

O alcalde

Asdo: Javier Francisco Caínzos Vázquez

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CURTIS

*Anuncio pleno organización*

#### ACORDOS ADOPTADOS POLO PLENO DA CORPORACIÓN

O Pleno do Concello de Curtis, en sesión celebrada o 24 de xuño de 2011, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

A) DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS QUE CONFORMAN ESTA CORPORACIÓN, E DOS SEUS PORTAVOCES.-

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 268/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Pleno quedou enterado de que quedan constituídos os Grupos Políticos cos membros que se propuxeron, e nomeando portavoces ós seguintes señores Concelleiros:

Polo Grupo Político do PP:

Portavoz: Don Antonio Ángel Fraga Sánchez.

Suplente: Don Javier Francisco Caínzos Vázquez.

Polo Grupo Político do PsdeG-PSOE:

Portavoz: Dona Ana María Fernández López

Suplente: Don Pablo Míguez Suárez

Polo Grupo Político do B.N.G.

Portavoz: Don Xoan Carlos Seoane García

B) RÉXIME DE SESIÓNS DO PLENO DA CORPORACIÓN

O Pleno, á vista do disposto no artigo 46.2.a), da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 78 do Real Decreto 2568/1986, adoptou os acordos seguintes:

1.- A fixación da periodicidade bimensual das sesións ordinarias do pleno municipal, celebrándose o terceiro venres de cada mes par ás dezaioito horas

2.- Establecer a posibilidade de demora ou anticipo nunha semana da data de celebración das sesións ordinarias, se por causas debidamente xustificadas derivadas da ausencia da Alcaldía, da natureza dos asuntos a tratar, ou da coincidencia das datas con días festivos así resulte conveniente, e mantendo en todo caso o punto preceptivo de "Rogos e preguntas" e de control dos órganos corporativos segundo o apartado e) do artigo 46.2 da Lei 7/1985".

C) CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Pleno, á vista do disposto no artigo 20.1 b) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 35.2 d) do Real Decreto 2568/1986, adoptou o acordo seguinte:

Crear a Xunta de Goberno Local deste Concello en virtude da habilitación concedida polo artigo 20.1 b) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e polo artigo 35.2 d) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

D) DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Pleno, a tenor do disposto no art. 51.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (Real Decreto 2.568/1986 de 28 de novembro), e no artigo 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, adoptou os seguintes acordos:

1º.- A delegación da totalidade das atribucións delegables do Pleno na Xunta de Goberno Local, e en concreto as enumeradas nos apartados j), k), m), ñ, q) do artigo 22 da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, as citadas nos apartados g), n), o) do artigo 64 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a excepción das enumeradas como indelegables segundo o art 22.4 da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

2º.- A delegación na Xunta de Goberno Local das competencias atribuídas ó Pleno no apartado 2 da Disposición Adicional 2ª da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

3º.- As delegacións referidas efectúanse nos termos do réxime xeral establecido no regulamento antedito, abarcando tanto as facultades de dirección e xestión como a de resolución mediante actos e acordos administrativos que afecten a terceiros.

#### E) CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

O Pleno, de conformidade co disposto no artigo 20 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, e dos artigos 66 e 68 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou os seguintes acordos:

1º.- Crear a Comisión Informativa de Asuntos do Pleno deste Concello en virtude da habilitación outorgada polo artigo 20.1 c) da Lei 7/1985.

2º.- A composición da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno e da Comisión Especial de Contas será a seguinte:

Comisión Informativa de Asuntos do Pleno:

Presidente: Javier Francisco Caínzos Vázquez

Vocais: Alfonso Gómez Cancelo

José Barral López

Ana María Fernández López

Xoan Carlos Seoane García

Suplentes: Emilio Souto Iglesias

Nuria Sueiro Rocha

Antonio Ángel Fraga Sánchez

Pablo Miguez Suárez

Comisión Especial de Contas:

Presidente: Javier Francisco Caínzos Vázquez

Vocais: José Barral López

Alfonso Gómez Cancelo

Ana María Fernández López

Xoan Carlos Seoane García

Suplentes: Emilio Souto Iglesias

Nuria Sueiro Rocha

Antonio Ángel Fraga Sánchez

Pablo Miguez Suárez

#### F) RECOÑECIMENTO DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA Á ALCALDÍA

De conformidade co disposto no art. 13.3 e 4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e en concordancia co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno adoptou os seguintes acordos:

1º.- Que o cargo de Alcalde se desempeñe en réxime de dedicación exclusiva.

2º.- Polo desempeño do cargo con dedicación exclusiva, percibirá unha retribución de 34.147,64 euros brutos ao ano, distribuídos en catorce mensualidades, (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro). A esta cantidade engadirase na nómina mensual a correspondente ós trienios recoñecidos por servizos prestados na administración. Será dado de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo esta Corporación o pago das cuotas empresariais que correspondan, de acordo co establecido no artigo 75.1 parágrafo 2º, e 75.2 da Lei 7/1985.

#### G) FIXACIÓN DE INDEMNIZACIÓNS POR CONCORRENCIA A SESIÓNS E REUNIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS MUNICIPAIS

O Pleno, visto o disposto no artigo 75.3, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, acordou a fixación das asistencias pola concorrencia efectiva a sesións de órganos colexiados de que formen parte os membros da Corporación sen dedicación exclusiva, nas contías que para cada un deles se sinalan:

a) Pleno: 110 € por membro e sesión.

b) Xunta de goberno local: 160 € por membro e sesión.

c) Comisión Informativa: 75 € por membro e sesión.

d) Mesa de contratación: 75 € por membro e contrato

#### H) DESIGNACIÓN DE TESOUREIRO

Considerando o establecido no artigo 92.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 2 f) do Real Decreto 1732/1994, de 29 de xullo, sobre Provisión de Postos de Traballo Reservados a Funcionarios con Habilitación de carácter Nacional, no artigo 18.3 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Loacl con Habilitación de carácter Nacional, e no artigo 3 f) do Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal.

O Pleno adoptou os seguintes acordos:

1º.- Nomear como Tesoureiro de fondos da Corporación ao concelleiro D. Antonio Ángel Fraga Sánchez. Esta designación determina a imposibilidade de exercicio por este concelleiro das competencias correspondentes á área de Facenda, co fin de evitar interferencias que puideran implicar un manexo indebido de fondos públicos.

2º.- Asumir de forma solidaria as responsabilidades que puidesen derivarse polo conxunto dos membros da Corporación que emitan o seu voto favorable ó nomeamento, co fin de eximir ó concelleiro en cuestión de prestar fianza nos termos do artigo 164.2 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime Local.

Curtis, 27 de xuño de 2011.

O alcalde

Asdo: Javier Francisco Caínzos Vázquez

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### NOIA

##### Urbanismo

*Anuncio clínica dental*

##### ANUNCIO

En cumprimento do establecido no artigo 8º.3) do decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, faise público que se solicita por D. Rodolfo Martínez Ribadeneira en nome e representación de Dna. María Xesús Lorenzo Riveiro, licencia de obras para o acondicionamento dun local para adicalo a Clínica Dental, na R/ Costa do Ferrador 3-1ºD, polo que durante o período de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte ó de inserción do presente anuncio no DOGA, tódolos interesados podrán consultar o expediente e formular as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

O expediente podrá consultarse no negociado de urbanismo deste Concello de luns a venres, de 9,00 a 14,00 horas.

Noia, 1 de xullo de 2011.

O alcalde

Asdo. Rafael García Guerrero



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### NOIA

##### Secretaría

*Baixa inscrición padroal por caducidade-erro 111*

#### RESOLUCIÓN ALCALDÍA NÚMERO 1709/11

A teor do preceptuado no artigo 16.1,2º parágrafo da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que establece: “a renovación periódica cada dous anos das inscricións no Padrón dos estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente e a caducidade de ditas inscricións no caso de non levarse a cabo tal renovación”.

#### RESOLVO:

**Primeiro:** Declarar a baixa por caducidade da inscrición padroal neste Concello, por non renovar dita inscrición no prazo de dous anos das seguintes persoas e nas datas que se indican:

-TOMASA ANASTASIA GALLERO DE ALVAREZ: 01-06-2011

**Segundo:** Publicar a presente resolución no B.O.P, ós efectos de dar coñecemento da mesma ós interesados e dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Noia, 29 de xuño de 2011.

O alcalde

Ante mín,

A secretaria.

Asdo. Rafael García Guerrero

Asdo. Raquel B. Bahillo Varela

Réximen de Recursos: Contra este acordo que pon fin á vía administrativa, poderá interponer os recursos seguintes:

Potestativamente o recurso de reposición, baseado nos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos arts. 62 e 63 da Lei 30/92 do 26 de Novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O prazo para a interposición do recurso será dun mes desde o día seguinte ó desta notificación ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.

Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderase interponer o recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ou non Xulgados do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses desde a resolución expresa do recurso de reposición ou seis meses desde a súa resolución presunta. No caso de interpoñerse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses desde a notificación desde acto.

O recurso extraordinario de revisión (art. 118, LRXAP-PAC) ou calquera outro que estime procedente

2011/9166

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### O PINO

*Nomeamento de persoal eventual*

#### ANUNCIO

##### Nomeamento de persoal eventual

Dase publicidade ao nomeamento de Dna María del Carmen García Calvo para o posto de secretaria persoal do Alcalde en calidade de persoal de asesoramento e confianza con efectos dende o día 13 de xuño de 2011.

O Pino, 4 de xullo de 2011.

O ALCALDE

D. Manuel Taboada Vigo

---

2011/9299

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PONTECESO

##### Aperturas de Establecimientos

*Licenza*

##### EDICTO

Celsa Caamaño Cotelo solicitou neste Concello unha licenza municipal para abrir ó público un comercio polo miúdo de ouro na Avda. Eduardo Pondal, 2-baixo esquerda (Ponteceso).

Este expediente expoñerase ó público durante vinte días hábiles, que comezarán a contar dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

Todas as persoas que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar por escrito as reclamacións ou observacións que consideren oportunas, na Secretaría deste Concello, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres.

Ponteceso, 29 de xuño de 2011.

O alcalde

José Luis Fondo Aguiar

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PONTECESO

##### Aperturas de Establecimientos

*Licenza*

##### EDICTO

Nuria María Rodríguez Martínez solicitou neste Concello unha licenza municipal para abrir ó público un café-bar na praza Pan, 26-baixo (Corme Porto).

Este expediente expoñerase ó público durante vinte días hábiles, que comezarán a contar dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

Todas as persoas que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar por escrito as reclamacións ou observacións que consideren oportunas, na Secretaría deste Concello, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres.

Ponteceso, 30 de xuño de 2011.

O alcalde

José Luis Fondo Aguiar

2011/9174

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### RIANXO

##### Secretaría

*Procedemento ordinario nº 380/2011 ante o Xulgado nº 1 de Santiago de Compostela*

##### ANUNCIO

Visto que no Xulgado Contencioso-Administrativo Nº 1 de Santiago de Compostela, tramítase recurso, procedemento ordinario nº 380-2011, sendo recorrente patricia ameneiro miguéns e juan bautista iglesias ordoñez, acto impugnado: resolución de 21 de outubro de 2010, sendo demandado o Concello de Rianxo.

Aos efectos de dar cumprimento á Resolución do Xulgado, de data 06 de xuño de 2011, nº rexistro de entrada 3265, ao mesmo tempo que se remite ao Xulgado copia do expediente administrativo impugnado, emprázase aos interesados para que poidan comparecer e persoarse en autos, no prazo de nove días, segundo dispón o artigo 49 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso - Administrativa.

En Rianxo, a 28 de xuño de 2011.

O ALCALDE

ADOLFO F. MUÍÑOS SÁNCHEZ

2011/9106

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SADA

##### Secretaría

*Nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local, de tenentes de alcalde, de delegados da Alcaldía e delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local*

#### ANUNCIO

Nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local, de tenentes de alcalde, de delegados da Alcaldía e delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local

Coa data do 17 de xuño de 2011, o sr. Alcalde ditou o seguinte:

“Decreto nº: 903.- En uso das atribucións que me confiren os artigos 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, vistos os artigos 29, 30 e 31 do Regulamento Orgánico municipal e 43, 44, 46, 47 e 52 do Regulamento aprobado por Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, RESOLVO:

1º.- Nomear membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros: D. Antonio Manuel Aguión Fernández, D.ª María Soraya Salorio Porral, D.ª María Núñez Regueiro, D. Ramón Rodríguez Ares e D. José Angel Sánchez López.-

2º.- Delegar na Xunta de Goberno Local as atribucións correspondentes á Alcaldía que seguidamente se relaciona, revocando asemade todas as anteriores delegacións efectuadas a favor de dito órgano:

- Autorización e disposición de gastos e recoñecemento e liquidación de obrigas a partir da cifra de 12.000.- euros, con exclusión dos gastos ordinarios de carácter periódico e obrigatorios ou urxentes.-

- Recoñecemento e liquidación dos dereitos que se recadan mediante padrón ou lista cobratoria, así como dos restantes dereitos relativos a asuntos da competencia da Xunta de Goberno Local.-

- As atribucións da Alcaldía en materia de contratacións e concesións de toda clase, sempre que o presuposto do contrato exceda de 12.000.- euros.-

- A aprobación dos proxectos de obras e de servicios cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no Presuposto.-

- As atribucións da Alcaldía en materia de adquisición de bens e dereitos e de alleamento do patrimonio, cando a contía da operación exceda de 12.000.- euros.-

3º.- Nomear tenentes de alcalde aos seguintes concelleiros membros da Xunta de Goberno:

Primeiro tenente de alcalde, D. Ramón Rodríguez Ares.-

Segundo tenente de alcalde, D. Antonio Manuel Aguión Fernández.-

Terceira tenente de alcalde, D.ª María Soraya Salorio Porral.-

Cuarto tenente de alcalde, D. José Angel Sánchez López.-

4º.- Nomear delegados da Alcaldía aos seguintes concelleiros:

- Concelleiro delegado de Medio Ambiente, Urbanismo e Infraestruturas, D. Antonio Manuel Aguión Fernández.-

- Concelleira delegada de Benestar Social, Educación e Deporte, D.ª María Soraya Salorio Porral.-

- Concelleira delegada de Facenda, Emprego e Réxime interior, D.ª María Núñez Regueiro.-

- Concelleiro delegado dos servizos de Vías e Obras, D. Emilio Gómez López.-

- Concelleira delegada dos servizos de Sanidade e Seguridade Cidadana, D.ª Yolanda María Ansede López.-

- Concelleiro delegado dos servizos de Promoción Económica e Turismo, D. José Angel Sánchez López.-

- Concelleira delegada dos servizos de Cultura, Xuventude e Ocio, D.ª Almudena Pena Álvarez.-

Ditas delegacións abarcarán o exercicio de todas as atribucións delegables da Alcaldía relativas ás áreas ou servizos correspondentes e comprenderán tanto as facultades de dirección como as de xestión, agás a de emitir actos administrativos que afecten a terceiros, e se entenden feitas sen prexuízo das delegacións efectuadas por esta Alcaldía na Xunta de Goberno.-

5º.- Esta resolución, que requirirá para a súa eficacia a aceptación dos concelleiros nomeados, producirá efectos a partir do día seguinte ao desta data, notificarase aos designados, publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos e será comunicada ao Pleno na primeira sesión que dito órgano celebre”.-

Sada, 20 de xuño de 2011

O Alcalde

Asdo.: Ernesto Anido Varela

---

2011/9085

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SADA

##### Secretaría

*Expediente de reclamación patrimonial*

#### ANUNCIO

##### Expediente de reclamación patrimonial

Vista a reclamación por responsabilidade patrimonial presentada o 20 de xullo de 2010 (RXE.- 6285/2010) por D. Enrique Cubeiro, como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos municipais, e dado que non se lle puido practicar a notificación correspondente no domicilio que figura no expediente administrativo (RP- 15/2010), por medio deste anuncio notifícaselle, de conformidade co disposto no art. 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, e pónselle de manifesto que o expediente se atopa á súa disposición na Secretaría Xeral do Concello para o coñecemento do contido íntegro do mencionado acto no prazo de dez días hábiles. Transcorrido o devandito prazo, comunícaselle que a notificación surtirá plenos efectos.

Sada, 29 de xuño de 2011.

O alcalde

Asdo.: Ernesto Anido Varela



**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****SANTA COMBA**

*Listado provisional de admitidos e excluídos para a provisión dunha praza de policía local*

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Listaxe provisional de admitidos/excluídos para a provisión dunha praza de policía local

Unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias para a provisión en propiedade dunha praza de policía local, publicada no BOP número 66, de data 25/02/2011; DOG n.º 72, de data 12/04/2011, e BOE n.º 110, de data 09/05/2011, esta Alcaldía, en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente:

**RESOLVE:**

PRIMEIRO.–Aproba-la seguinte lista provisoria de aspirantes admitidos/as e excluídos/as para a provisión dunha praza de policía local.

**ADMITIDOS/AS:**

APellidos e Nome	DNI
RIVERA GÁNDARA, LUIS	79328626Q
VILARIÑO LÓPEZ, MARTÍN	32695633Y
GOMEZ MIRAMONTES, JOSÉ MARTIN	44837079M
ANDRADE SEOANE, MARCO ANTONIO	32826082E
ESTÉVEZ GARCÍA, Mª SILVIA	33292656H
FELIPEZ FERREIRO, HÉCTOR RODRIGO	79313922D
BERNÁRDEZ MARTÍNEZ, DIEGO	53303086B
LOPEZ LESTÓN, IVÁN	47382741G
GÓMEZ GONZÁLEZ, JOSÉ GREGORIO	32679621W
MANEIRO SANTAMARIA, MARIA	52933267D
REGUEIRO RAMA, NEREA	53168292C
RODRIGUEZ TAIBO, DANIEL	32838315L
EHEVARRÍA LOUREIRO, FRANCISCO	46901635N
LORENZO PÉREZ, OSCAR JOSÉ	32697373K
VILABOA MÉNDEZ, JUAN CARLOS	32703199M
